. Considera o goberno galego que unha ABAU única para todo o Estado que non contemple a realidade do noso país é positiva para o alumnado?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/02/2023 10:08:50

Daniel Castro García na data 24/02/2023 10:08:56

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 24/02/2023 10:09:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o mantemento do uso sociosanitario público do Hospital Provincial de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 26 de xullo de 2016 asinouse o convenio de cooperación entre a consellaría de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o concello de Pontevedra en relación co proxecto de ampliación do hospital de Montecelo. Este acordo produciuse logo de oito anos de parálise e de que a Xunta desbotase a idea unilateral de construír un novo hospital en Monte Carrasco (Marcón).

A execución da ampliación de Montecelo foi un grande logro social, froito da mobilización e da coherencia mantida pola maioría da sociedade pontevedresa en defensa duns equipamentos hospitalarios modernos e de calidade.

O convenio asinado en 2016 tiña como obxectivo establecer as bases de cooperación entre a consellaría de Sanidade, SERGAS e Concello de Pontevedra para a redacción e execución do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal que fixa as determinacións e posibilita a ampliación do hospital de Montecelo e a dotación de infraestruturas e servizos necesarios para o seu óptimo funcionamento.

As obras derivadas dese convenio, xa sexan a ampliación da infraestrutura sanitaria como dos servizos necesarios para o seu funcionamento, están en execución, tanto as que son responsabilidade do SERGAS coma as do Concello.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paralelamente, unha vez acordado que a solución para a mellora das infraestruturas hospitalarias en Pontevedra era a ampliación de Montecelo, estudáronse os usos aos que se destinarían as instalacións do Hospital Provincial, unha vez rematada a ampliación de Montecelo.

Sobre a cuestión dos usos futuros do Provincial hai un amplo consenso social, demandándose, en numerosas ocasións, que manteñan un uso socio-sanitario público. Hai tamén, ou había, un amplo consenso institucional, xa que tanto a Xunta como o Concello de Pontevedra manifestaron a conveniencia e necesidade de manter o uso sociosanitario para o Hospital Provincial.

No ano 2016, cando se asina o convenio para a ampliación de Montecelo, o Presidente da Xunta traslada o compromiso de prever a planificación dos novos usos para Hospital Provincial e a Casa do Mar, deixando claro que “o Provincial terá que ter un novo uso sociosanitario”.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai manter o goberno galego o compromiso de dedicar o Hospital Provincial de Pontevedra a un uso sociosanitario público?

Que prazos e calendario de investimentos manexa o goberno galego para o edificio do Hospital Provincial?

Que investimentos fixo o goberno galego para mellorar o hospital Provincial nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 24/02/2023 12:23:40

Mercedes Queixas Zas na data 24/02/2023 12:23:46

Xosé Luis Bará Torres na data 24/02/2023 12:23:57





Á MESA DO PARLAMENTO

Luis Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

En datas recentes o delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, no contexto dunha reunión para analizar o convenio colectivo dos bombeiros do Consorcio Provincial esixiu que se presentase na mesma o Presidente da Deputación Provincial de Lugo ao considerar que a presenza da Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto non era suficiente.

Con independencia de que parece ignorar que a súa presenza nesa reunión se debía á súa condición de delegado do goberno galego, e polo tanto actuando en representación do Presidente da Xunta de Galicia, ao igual que o facía a Deputada Provincial, en representación do presidente da Deputación de Lugo, o Sr. Delegado fixo afirmacións que máis alá de supoñer unha descualificación absolutamente inaceptable dende o máis elemental respecto persoal a unha representante lexítima de Institución Provincial, evidencian unha falla de respecto institucional que compromete á Xunta de Galicia.

Resulta absolutamente inadmisíbel que o delegado territorial se pronunciase en termos como *“Dile a Pilar que mueva el culo y venga para la reunión, que deje de hacer tiempo en el despacho, que nos conocemos”*, termos que resultando impropios en calquera relación o son, aínda máis, entre Institucións públicas, engadindo gravidade se proveñen dos seus máximos representantes.

Da Xunta de Galicia, como de calquera institución, cabe esperar que os seus membros, e un delegado territorial o é, se comporten dunha maneira





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50532
Data envío: 24/02/2023 14:34:12.532

respectuosa, o que supón necesariamente tratar con respecto aos demais, sexan estes quen sexan.

Debera ser innecesario sinalar que actuar de forma contraria dana a credibilidade da institución, a propia Xunta de Galicia, ademais de cuestionar a idoneidade, entendida neste caso como a capacidade de manter unhas formas minimamente educadas, da persoa que ostenta ese cargo público.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Ante o comportamento absolutamente inaceptable do delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo descrita, considera o Goberno galego necesaria algunha actuación?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/02/2023 14:32:16

Patricia Otero Rodríguez na data 24/02/2023 14:32:29

Paloma Castro Rey na data 24/02/2023 14:32:40

Pablo Arangüena Fernández na data 24/02/2023 14:32:49

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

184188

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 10:47:20
Nº Rexistro: 50540
Data envío: 27/02/2023 10:47:20.174

Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A finais do ano 2020 o Grupo Parlamentario do PSdeG presentaba na Comisión 4ª de Cultura unha proposición non de lei que instaba a Xunta de Galicia a construír en Santiago de Compostela un Conservatorio profesional de danza, facendo nosa a reivindicación da plataforma creada *ad hoc* que conta cun gran apoio social, así como co da Federación de Anpas, dos sindicatos de ensino que compoñen as distintas mesas de educación, dos grupos municipais do Concello de Santiago e dos grupos parlamentarios agás o Popular.

A proposta Socialista foi rexeitada cos votos do Grupo Parlamentario do Partido Popular aducindo que non había demanda e, por tanto, necesidade.

Estes días coñecemos que a presidenta da Comisión de Cultura mantíña unha xuntanza coa Plataforma pola creación dun conservatorio de danza en Santiago na que, segundo manifestou o colectivo, a voceira do PP parece coincidir na importancia da creación dese conservatorio e comprometéase a trasladar ao conselleiro responsable esa demanda.

No Grupo Socialista congratulámonos do cambio de postura do Grupo Parlamentario que sostén o Goberno galego, o que, sumado ao compromiso por parte do concello compostelán de ceder terreos para a construción do conservatorio, podería facer finalmente efectiva esta instalación educativa e cultural tan necesaria.

Santiago de Compostela é unha cidade cun forte peso cultural no país, ademais de ser cidade universitaria e cun emprazamento xeográfico privilexiado, e por iso parece razoable establecer nesa cidade unha nova dotación educativa nesa disciplina artística, como así se vén demandando por parte da cidadanía compostelá desde hai case unha década. Proba diso, son as preto de 5.000 sinaturas que recolleu a Plataforma e a unanimidade da corporación do concello compostelán.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

184189

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 10:47:20
Nº Rexistro: 50540
Data envío: 27/02/2023 10:47:20.174

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Cre necesaria o Goberno galego a construción dun conservatorio profesional de danza en Santiago de Compostela?
2. Considera o Goberno galego que o conservatorio profesional de danza de Lugo é suficiente para cubrir toda a demanda existente en Galicia destes estudos no sistema público?
3. Ten previsto construír ese Conservatorio en Santiago, para o que o Concello cedería unha parcela? De ser así, cando?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/02/2023 10:40:05

Noelia Otero Lago na data 27/02/2023 10:40:24

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
184190

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** relativa ás medidas para atallar a problemática do acceso á vivenda en Galiza.

Exposición de motivos

A finais do mes de febreiro, a Xunta de Galiza, comezou o trámite de exposición pública para a modificación das normas de habitabilidade de Galiza co fin de facilitar a transformación dos baixos comerciais en vivendas.

Con esta actualización, a Xunta de Galiza pretende dar resposta a unha problemática real e en aumento, como é a do acceso á vivenda a uns prezos asequibles no noso país.

Nos últimos anos, o mercado da vivenda en Galiza experimentou unha forte subida dos prezos, tanto en vivendas en réxime de alugueiro como en compra, situándose os primeiros nunha suba aproximada do 30%, especialmente nas cidades.

A non intervención do mercado da vivenda e nos seus prezos, a especulación e a proliferación de pisos turísticos en cidades e áreas referentes polo sector do turismo, está a provocar que cada vez máis xente sexa incapaz de alugar unha vivenda para desenvolver a súa vida con normalidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para a Xunta de Galiza, o problema sitúase fóra destas casuísticas, atribuíndo o problema da suba de prezos á escaseza de oferta de vivendas no mercado.

Moi lonxe desta análise, sitúase a realidade. Actualmente, Galiza e as súas principais cidades teñen unha porcentaxe moi elevada de vivenda baleira. A vivenda baleira constitúe preto do 13% das vivendas da cidade de Vigo, máis do 14% das vivendas da Coruña, máis do 20% das vivendas da cidade de Lugo, máis do 21% da cidade de Ourense e máis do 17% na cidade de Pontevedra. No conxunto de Galiza, a vivenda baleira supón o 21% do total do parque de vivenda do país.

Lonxe de atallar esta situación, a Xunta de Galiza centra os seus esforzos na creación de vivenda nova coa transformación de locais comerciais sen actividade, invisibilizando no camiño outra grande problemática no noso país, como é o esmorecemento do tecido comercial e do propio comercio local.

É hora de que a Xunta de Galiza leve a cabo iniciativas políticas ambiciosas e de calado para solventar os problemas estruturais nas áreas de acceso á vivenda e de rexeneración do comercio local.

Actualmente non existen plans ambiciosos para a rexeneración do comercio local no noso país, e medidas como a modificación das normas de habitabilidade da Xunta de Galiza non van a resolver nin o problema do acceso á vivenda nin o esmorecemento que sofre o comercio local.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Como valora a Xunta de Galiza a problemática da vivenda baleira no noso país?
2. Cal cre, a Xunta de Galiza, que é o motivo das dificultades no acceso á vivenda?
3. Nun momento de crise económica e atendendo ás subas importantes dos prezos dos alugueres, considera a Xunta de Galiza como positiva a intervención pública no mercado da vivenda?
4. Como vai afectar esta modificación das normas de habitabilidade ao comercio local?
5. Apoia a Xunta de Galiza a desaparición dos baixos comerciais, actualmente pechados?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Alexandra Fernández Gómez
Luis Bará Torres
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 27/02/2023 13:46:00

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2023 13:46:05

Paulo Ríos Santomé na data 27/02/2023 13:46:15



Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Avenida de Vigo situada no concello de Redondela é de titularidade autonómica. Parte desta rúa está nunha situación de total abandono e deterioro por parte do goberno galego. As obras da primeira fase da humanización da Avenida de Vigo, ao seu paso polo tramo comercial do núcleo urbano de Chapela, comezou a principios de abril de 2017. A día de hoxe o goberno municipal de Redondela e a veciñanza desta vila segue esperando pola resolución da fase 2 e 3 da humanización da avenida de Vigo, parada dende fai máis de catro anos, dende que se rematou a primeira fase no 2018.

Na obra se incluían a renovación integral das beirarrúas e a súa ampliación para facilitar o tránsito de peóns nesta zona concorrida, na que se sitúa o mercado municipal, a alameda e os principais establecementos comerciais da parroquia de Chapela. Pódese ver claramente onde comeza e onde remata a reforma das beirarrúas. Completaron menos do 50 % do proxecto dende que comezou en 2017, cando nun principio prometían rematar a humanización na súa totalidade en 18 meses.

Como outros moitos grandes proxectos, demostrase tempo despois que non eran máis que anuncios puramente electoralistas. Eses anuncios, quedan agora en evidencia, xa que para esa obra nos orzamentos da Xunta de Galicia non hai ningunha partida orzamentaria para este ano. O Grupo Parlamentario Socialista trasladou á Xunta de Galicia a través das emendas aos orzamentos autonómicos de 2023 esta emenda para humanizar a Avda. de Vigo en Redondela. Emenda que foi rexeitada polo Goberno galego.





O Grupo Parlamentario Socialista reclama o cumprimento dos compromisos adquiridos con este municipio e coa súa cidadanía por parte da Xunta de Galicia, concretamente que remate a humanización da Avda. de Vigo na vila de Redondela.

A realidade é que hai beirarrúas totalmente inaccesibles, están rotas, con tramos inexistentes e con elementos que entorpecen o paso de calquera cadeira de rodas ou carro de bebé.

Este problema está causando malestar entre a veciñanza que demanda unha solución ao problema. A Xunta de Galicia ten que arranxar estas beirarrúas desta avenida de titularidade autonómica situada no Concello de Redondela para mellorar a mobilidade das veciñas e veciños desta vila.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia completar a fase 2 e 3 da humanización da Avenida de Vigo en Redondela de forma urxente?
2. Por que non foi incluída nos orzamentos de 2023 da Xunta de Galicia esta humanización de Redondela?
3. Cales son os motivos polos que a fase 2 e 3 da humanización da Avenida de Vigo de Redondela leva parada 4 anos por parte da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 13:51:02
Nº Rexistro: 50595
Data envío: 27/02/2023 13:51:02.830

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/02/2023 13:49:14

Patricia Otero Rodríguez na data 27/02/2023 13:49:21

Eduardo Ojea Arias na data 27/02/2023 13:49:31

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

184197

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a situación na que se atopan os lectorados de lingua galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xuño, o DOG publicaba a *ORDE do 13 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de prazas nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2022.*

Os lectorados, tal e como se sinala na propia orde da convocatoria, teñen un dobre obxectivo. Por unha banda, o de “promover unha formación eminentemente práctica entre os titulados universitarios que cumpran cos requisitos de participación” e pola outra “fomentar a proxección exterior do galego no mundo académico da ensinanza superior”.

Polo tanto, estamos a nos referir a unha figura central para garantir a proxección internacional da nosa lingua. Trátase, na práctica, de verdadeiras embaixadoras da lingua galega nas distintas universidades do mundo. Unhas prazas de importancia singular, homologábeis a outras figuras para a proxección das diferentes linguas oficiais do estado.

Mais a realidade que padecen os lectores e lectoras de lingua galega é moi diferente á que viven os lectores de idioma catalán, por exemplo. Trátase de condicións académicas e económicas á hora de exercer as súas funcións que sitúan os lectores e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lectoras de galego, non só nun agravio evidente a respecto de persoas que desenvolven o mesmo labor noutros idiomas, senón nun estado de precariedade que dificulta (cando non directamente imposibilita) o desenvolvemento das súas funcións.

A modo de exemplos, cómpre destacar circunstancias que non semellan razoábeis para exercer o labor de embaixadores do noso idioma nas universidades do mundo, como que as contías fiquen sen actualizar dende hai lustros ou que se entenda que unha persoa poida realizar os seus labores en capitais europeas con salarios de pouco máis de mil euros ao mes.

Se a esta situación engadimos a inestabilidade inherente ás prazas ofertadas ou dificultades como a ausencia de materiais académicos para exercer estes labores, poderemos entender que moitas destas prazas fiquen desertas dende hai anos.

Dende o BNG entendemos que a presenza internacional do noso idioma debe ser un dos grandes compromisos do goberno galego. Non se entende de ningunha maneira que algo tan relevante para o futuro do noso idioma se poida soste sobre piares de precariedade e abandono que fan que cada vez estas prazas sexan máis difíciles de cubrir.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que medidas ten pensado levar adiante a Xunta de Galiza para mellorar as condicións económicas e académicas dos lectores de galego?
- . Que medidas vai adoptar o goberno galego para garantir que non fiquen desertas as prazas dos lectorados?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Como valora o goberno galego que moitas prazas de lectores de galego leven anos desertas?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/02/2023 14:19:42

Daniel Castro García na data 27/02/2023 14:19:46

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 27/02/2023 14:19:56





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **por escrito**.

O deporte supón un ámbito de extrema importancia para o desenvolvemento de accións e proxectos de difusión de valores, tanto pola relevancia que ten na súa propia práctica como polo valor simbólico e de imaxe que proxecta debido ao seu impacto na vida social cotiá da cidadanía. Así, o deporte ten sido, e é, un instrumento de potenciación de valores sociais así como correa de transmisión especialmente en idades novas polo seu valor formativo.

Non en tanto, existen ámbitos nos que o deporte non está sendo de todo vangardista e precisa de impulsos decididos para a súa mellora. O campo da igualdade entre homes e mulleres é un espazo que responde a esas características.

Se ben a diferenciación entre deporte de formación e afeccionado fomentado dende o ámbito público fronte ao deporte de alto rendemento nas redes de competicións privadas ten sido obxecto de moitas polémicas (premios en igualdade homes – mulleres, valores publicitarios, etc.), si que precisamos potenciar todas as accións destinadas a alcanzar as maiores cotas de igualdade posible en todos os espazos.

A recente Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte aprobada no Congreso dos Deputados inclúe dentro do seu articulado eixos fundamentais no entorno da práctica deportiva, e apunta á igualdade real entre homes e mulleres como un obxectivo que debe ser acadado no campo deportivo. De maneira específica





o propio artigo 4 xa insire no conxunto da lei este principio básico que se converte en transversal a todas as transformacións que se promoven.

En base a isto, resulta necesario adaptar as normativas autonómicas que non viñan recollendo explicitamente estas cuestións para que se actualicen e promoven accións en favor da igualdade real. Este é o caso da Lei 3/2012, do 2 de abril do deporte de Galicia, que pode ser mellorada nestes termos.

Se ben, como foi apuntado, as accións en deporte formativo e afeccionado teñen as súas dinámicas propias, de maneira específica prodúcense algunhas situacións dentro do deporte de alto rendemento e o profesional que tamén deben ser afrontadas. Neste punto cabe sinalar a problemática que xeran as coñecidas como “cláusulas anti-embarazo” que, pese a ser contrarias a toda legalidade, operan dende hai tempo nalgúns ámbitos do deporte feminino por parte dalgúns clubs. Xa no inicio de IX lexislatura o grupo socialista presentou unha serie de iniciativas parlamentarias para demandar accións comprometidas do goberno de Galicia fronte a estas prácticas, que foron rexeitadas pola negativa do grupo popular. A pesares diso, a nova lexislación estatal respalda (artigos 4 e 27) a posibilidade de refrendar nos textos legais a limitación a estas prácticas. É preciso adaptar a lexislación autonómica para amparar ás deportistas ante estas actuacións que vulneran conceptos legais pero tamén valores morais e persoais.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que accións ten pensado levar a cabo o goberno de Galicia para adaptar a súa lexislación deportiva en materia de igualdade?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50617
Data envío: 27/02/2023 16:20:50.975

2. Ten previsto o goberno de Galicia actuar de maneira decidida fronte ás cláusulas anti-embarazo que aínda existen no ámbito deportivo profesional e semi-profesional en Galicia?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/02/2023 16:14:40

Noa Susana Díaz Varela na data 27/02/2023 16:14:48

Paloma Castro Rey na data 27/02/2023 16:15:00

Pablo Arangüena Fernández na data 27/02/2023 16:15:16



Á MESA DO PARLAMENTO

Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Unha vez coñecidos os datos de execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2022 en todas as consellerías, resultan moi preocupantes os datos referidos a vivenda. Este feito ven a confirmar o que Grupo Parlamentario Socialista leva tempo reclamando á Xunta de Galicia.

A solución aos problemas de acceso á vivenda na nosa comunidade autónoma non pasa exclusivamente por máis orzamento para poder desenrolar todos os programas de vivenda, pasa tamén pola garantía dunha execución completa deses fondos. A traxectoria histórica do execución do programa orzamentario 451B de acceso a vivenda da boa mostra de que esas garantías non existen para o goberno galego; centos de millóns de euros inicialmente orzamentados e non executados así o acreditan.

É coñecido o compromiso do Goberno central coas súas políticas de vivenda e a orientación que lle está a dar o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para cumprir o mandato constitucional e que a vivenda digna sexa un dereito de verdade para os galega/as e non só un artigo da constitución.

O investimento para mellorar este acceso en toda as comunidades autónomas é importante e en Galicia non podía ser menos. O Goberno central leva feito en Galicia un investimento de mais de 400 millóns de euros en vivenda e rehabilitación nos últimos anos, co fin de rehabilitar 25.000 vivendas en Galicia e construír 1.200 novas vivendas sociais. É fundamental que a Xunta de Galicia avance na execución deses fondos, xa que de aí dependen os novos investimentos.



Na situación que nos está tocando vivir, con graves afectacións nos sectores máis vulnerables da sociedade, imponse impulsar decididamente a construción de vivendas protexidas así como desenvolver unha política de aluguer eficiente.

Non podemos esquecer que o gasto en políticas sociais nun momento tan delicado no que estamos a vivir debe ser prioritario, e suficiente para dar resposta a realidade galega, con particular incidencia na problemática galega que impide a cada vez mais escasa mocidade galega acceder a un alugueiro en condicións dignas para poder iniciar o seu proxecto vital na comunidade. O certo é que Galicia é a comunidade de España con menos axudas ao alugueiro a xente moza.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia de que ano tras ano a execución orzamentaria leve sempre un atraso case ata fin de ano no tema da Vivenda, nomeadamente no acceso a Vivenda (451B)?
2. Como pensa a Xunta de Galicia executar en tempo e forma as partidas orzamentadas en vivenda?
3. Consideran que é asumible que se deriven orzamentos consignados para políticas de vivenda a outros departamentos ante o problema da falla de vivenda para o alugueiro, como o indica o Rexistro de Demandantes de Vivenda?
4. Ten a Xunta capacidade para avanzar na execución dos fondos europeos, e así optar a novos investimentos importantes en anos próximos?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 16:56:13
Nº Rexistro: 50627
Data envío: 27/02/2023 16:56:13.662

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 27/02/2023 16:52:55

Patricia Otero Rodríguez na data 27/02/2023 16:53:04

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

184206

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonzo e Carmela González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir o mantemento actividade produtiva e do emprego nas fábricas de Xeal en Cee e Dumbría, após a retirada do guindastre do porto de Brens.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xeito de levar o Goberno galego, e nomeadamente Portos de Galiza, o procedemento de cobertura do servizo de practicaxe dos portos de Cee, Corcubión, Corme, Laxe e Sada só se pode cualificar coma un despropósito, por privar á Costa da Morte case tres meses dun servizo básico para a seguridade das nosas costas.

Agora, cando debido á mobilización social e á insistencia en sede parlamentar dos grupos da oposición, Portos de Galiza rectifica e anuncia a cobertura do servizo, atopámonos con outro feito que condiciona a actividade ordinaria dentro destas dársenas e afecta, de xeito directo, ao futuro das fábricas de ferroalixaxes de Cee e Dumbría, pertencentes á empresa XEAL.

Porque o venres pasado efectivizouse a retirada do guindastre do porto de Brens, que se trasladou ao porto de Langosteira. Co que o porto de Brens perde un elemento vital para garantir a actividade ordinaria dunha infraestrutura na que no seu día o goberno galego fixo un forte investimento para situala entre os peiraos con maior volume de tráfico comercial, servindo como motor da actividade económica da comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén de que a xestión nestes anos de Portos de Galiza acadase eses obxectivos marcados desde a Consellería, o que é indubidábel é que sen o guindastre, a actividade deste porto fica reducida á súa mínima expresión.

O que, no concreto, condiciona a viabilidade futura das fábricas de ferroalixes, ao non poder descargar a materia prima que XEAL recibía por mar, e non poder darlle saída pola mesma vía ao produto xa elaborado para a súa venda.

A viabilidade das fábricas depende dun feito tan prosaico como contar cun guindastre co que descargar o manganeso e cargar as ferroalixes elaboradas nos fornos de Cee e Dumbría.

A previsíbel (por denunciada) falta de servizo de practicaxe durante estes tres meses pasados, provocou que a mercantil fixese acopio da materia que precisan para os seus elaborados no momento en que o servizo estaba cuberto polo Práctico xubilado, véndose obrigados a recibir por vía terrestre esa materia prima cando o procedemento de cobertura se alongou no tempo. Ausencia de guindastre que, no xeral, condiciona a actividade comercial do porto de Brens e as súas posibilidades de crecemento.

É imprescindible que un porto deste tipo, pensado para o atraque de buques de gran tonelaxe, estea dotado cun guindastre das características do agora trasladado ao porto de Langosteira. Porque carecer dun elemento así supón lastrar a competitividade da infraestrutura e reducir a súa actividade ao mínimo.

Co que isto supón para o mantemento do emprego e da actividade das fábricas de XEAL en Cee e Dumbría e o futuro industrial e económico da comarca.

No tocante á empresa XEAL e ás competencias directas que a Xunta de Galiza ten en materia industrial e nas concesións hidroeléctricas (vinculadas ao mantemento do emprego e da actividade de produción de ferroalixes nas fábricas), o goberno galego ten a obriga de velar porque o porto de Brens estea dotado das infraestruturas necesarias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para manter a súa actividade ordinaria e ser competitivo desde o punto de vista comercial. Para así garantir o futuro industrial da comarca.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

A quen corresponde a titularidade do guindastre do porto de Brens trasladado ao porto de Langosteira?

Cales eran as condicións que rexían o servizo de guindastre?

Cal foi a razón pola que o guindastre foi trasladado ao porto de Langosteira?

Cando tivo coñecemento o Goberno galego dese traslado?

Cando tivo coñecemento a empresa XEAL dese traslado?

A mercantil XEAL plantexoulle nalgún momento ao Goberno galego que ese traslado podía afectar á produción e/ao emprego?

Considera o Goberno galego que o servizo de guindastre é importante para o mantemento da actividade comercial do porto de Brens e, no concreto, para o mantemento do emprego e da actividade das fábricas de XEAL en Cee e Dumbría?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Carmela González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 27/02/2023 17:07:39

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/02/2023 17:07:42

Daniel Pérez López na data 27/02/2023 17:07:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre actuacións da Consellaría de Medio Ambiente en concellos da comarca do Condado-A Paradanta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca do Condado-A Paradanta está formada polos seguintes concellos:



Da consulta dos convenios e os conseguintes contratos de obras do Plan Hurbe (Obras en materia de urbanismo) financiadas pola consellaría de Medio Ambiente nos últimos 4 anos en concellos desta comarca dérvase o seguinte resultado:

CONCELLO DE ARBO (PP).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2022. Ampliación de vial entre a rúa Vázquez Estévez e a estrada PO-400,
313.513 euros

2020. Humanización da rúa San Benito, 235.961 euros

CONCELLO DA CANIZA (PSOE): 0 actuacións

CONCELLO DE AS NEVES (BNG): 0 actuacións

CONCELLO DO COVELO (PP):

2020. Mellora do parque público de Maceira, 261.387 euros

CONCELLO DE CRECENTE

2022. Embelecemento da contorna da capela de Santa Marta-Albeos, 117.285
euros

CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO (PP): 0 euros

CONCELLO DE MONDARIZ (BNG): 0 euros

CONCELLO DE PONTEAREAS (BNG): 0 euros

CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PSOE): 0 euros

CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO (PP)

2020. Rehabilitación do antigo edificio do concello como nova biblioteca
pública, 300.000 euros

2022. Convenio colaboración na humanización da fortaleza de Salvaterra de
Miño, 362.398 euros + 250.000 euros da Axencia de Turismo (612.000 euros)

O total dos investimentos financiados pola consellaría de medio ambiente ao
abeiro do Plan Hurbe en concellos gobernados polo PP entre 2019-2023 é de 1.840.544
euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O total dos investimentos da consellaría de medio ambiente ao abeiro do Plan Hurbe en concellos gobernados por BNG e PSOE entre 2019-2022 é de 0 euros.

Estamos pois diante dun exemplo claro e inequívoco de reparto partidista, arbitrario e inxusto dos fondos públicos, una práctica antidemocrática e caciquil que debe ser desterrada dunha vez por todas da administración autonómica.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que criterios utiliza a Consellaría de Medio Ambiente para decidir os concellos da comarca do Condado-A Paradanta en que promove obras do Plan Hurbe?

Como explica a Xunta que nesta comarca se asinasen convenios con concellos gobernados polo PP por valor de 1,8 millóns de euros e que os concellos gobernados polo BNG e PSOE recibisen 0 euros?

Que medidas vai desenvolver o goberno da Xunta para garantir un reparto transparente, equitativo e xusto dos fondos públicos do Plan Hurbe?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 27/02/2023 17:34:00

Alexandra Fernández Gómez na data 27/02/2023 17:34:04

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2023 17:34:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o reparto partidista de fondos do Plan Hurbe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Portal de Transparencia da Xunta está sen actualizar, o que dificulta o coñecemento e control da actividade de goberno. Isto é así, por exemplo, no referido ao Rexistro de Convenios: no caso da consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o último convenio que figura no Rexistro data do mes de agosto de 2022, cando resulta evidente que se asinaron convenios nos meses posteriores.

O pasado 31 de xaneiro de 2023 publicáronse no DOG os convenios subscritos pola citada consellaría no último cuadrimestre do 2022. A relación inclúe un total de 13 convenios asinados con concellos, todos eles gobernados polo PP.

Da consulta dos contratos tramitados por esta consellaría, asociados a obras en materia de urbanismo (Plan Hurbe) resulta que entre mediados de 2019 e comezos de 2023 leváronse a cabo 93 actuacións en concellos, das cales 90 corresponden a concellos do PP.

Estamos diante dun reparto escandalosamente partidista, discriminatorio e inxusto dos fondos públicos, que corresponde a unha visión predemocrática das institucións.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que criterios segue a Xunta para o reparto de investimentos do Plan Hurbe?

Por que das 93 actuacións de concellos financiadas pola Xunta con cargo á partida de obras en materia de urbanismo (Plan Hurbe) 90 foron con concellos do PP?

Ten previsto a Xunta facer una convocatoria pública de subvencións a concellos, en concorrencia competitiva, con cargo á partida de 7,4 millóns de euros do programa 521A?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 28/02/2023 09:27:41

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/02/2023 09:27:49

Xosé Luis Bará Torres na data 28/02/2023 09:27:58





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Rosana Pérez Fernández e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a tributación das pensións de xubilación calculadas con achegas a mutualidades laborais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Resolución de 01/07/2020 (Nº 00/02469/2020/00/00) ditada polo Tribunal económico-administrativo central para unificación de criterio (recurso 2469/2020), que resolve sobre a aplicación da Disposición transitoria 2ª da Lei 35/2006 do IRPF sobre a forma de integración da pensión pública percibida da Seguridade Social dun contribuínte que cotizara á mutualidade laboral da Banca, establécese o seguinte criterio:

“Cando se realizaron achegas á Mutualidade Laboral de Banca con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1967 non concorren as circunstancias contempladas no apartado 1 da Disposición Transitoria Segunda da Lei 35/2006, o que determina que deba excluírse como rendemento do traballo o 100% da parte da pensión de xubilación percibida da Seguridade Social correspondente ás devanditas achegas.”

O TEAC fundamenta o seu criterio na natureza das Mutualidades Laborais e no feito de que non é até o 1 de xaneiro de 1967, cando as achegas á Mutualidade foron deducíbeis nas mesmas condicións que as achegas á Seguridade Social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na Consulta V1618-18 da Dirección Xeral de Tributos establécese un método para calcular a parte da pensión correspondente ás achegas realizadas até o 31 de decembro do 1966, operación que pode realizarse con catro datos que figuran no Informe de vida laboral emitido pola Tesourería da seguridade social, e polo tanto que son perfectamente coñecidos pola administración pública.

Cabería agardar, en consecuencia, unha actuación de oficio por parte das administracións implicadas para evitar que sigan producíndose retencións ou pagos a conta nas prestacións aboadas pola Seguridade social a persoas que se atopan nestes supostos.

Do mesmo xeito cabería agardar unha regularización das contribucións destas persoas durante os últimos 4 exercicios coa conseguinte devolución de ingresos indebidos, evitando así, unha proliferación de consultas e reclamacións particulares, e a inevitábel discriminación das persoas menos informadas ou imposibilitadas, por razón de idade ou de enfermidade, para realizar os trámites necesarios.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. É coñecedora a Xunta de Galiza da resolución do TEAC do 1 de xullo do 2020 sobre as achegas a Mutualidades laborais realizadas antes do 1 de xaneiro do 1967?

. Ten tomada a Xunta de Galiza algunha medida para evitar esta tributación indebida das rendas das persoas mutualistas?

. En canto estima a Xunta de Galiza o impacto económico desta tributación indebida?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera a Xunta de Galiza que pode darse o suposto de existir moitas persoas afectadas que descoñezan a resolución do TEAC e as consecuencias que desta se derivan? Ou que aínda coñecéndoas non estean en condicións de reclamar a devolución do exceso de tributación?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Rosana Pérez Fernández

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 28/02/2023 09:53:11

Daniel Pérez López na data 28/02/2023 09:53:15

Ramón Fernández Alfonso na data 28/02/2023 09:53:26





Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Os festivais de cinema supoñen espazos de encontro para profesionais, público e outros axentes sociais e culturais. Serven como plataforma de apoio ao talento e á creación do país e de exhibición e difusión de obras que non forman parte dos circuitos comerciais, pero son ademais impulsores da economía local, o emprego e o turismo alí onde se desenvolven e axudan a tecer redes en torno á cultura e á creación de novos públicos.

É, por iso, que son un sector fundamental para a cultura do país pero tamén para o desenvolvemento social e económico. En 2022, máis de 150.000 persoas participaron nos dezoito festivais e mostras de cinema e audiovisual acubillados na coordinadora Proxecta que se estenden por toda a xeografía galega e nas que se proxectaron arredor de 1.300 obras, con máis de 500 estreos en Galicia.

Coa colaboración da Deputación da Coruña, a coordinadora Proxecta elaborou un informe sobre o impacto dos festivais de cinema no ano 2022 no que se dá conta de que só os 18 festivais englobados nesa coordinadora supuxeron un orzamento total de máis de 1.700.000 euros.

Mais malia a importancia destes festivais para a nosa cultura, as axudas que a Xunta de Galicia concede a través de Agadic para todo este sector é de tan só 225.000 euros en 2023, unha cantidade aínda moi por baixo do que se achegaba no Goberno do bipartito e proporcionalmente moi inferior ao que dedican hoxe outras administracións, como as deputacións ou mesmo os concellos.

O carácter estratéxico deste sector é indubidable e, por iso, consideramos preciso un maior compromiso orzamentario por parte da Agadic á vez que coñecer o impacto económico que estas mostras teñen no noso territorio.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2023 10:21:16
Nº Rexistro: 50673
Data envío: 28/02/2023 10:21:16.123

1. Considera suficiente o Goberno galego o orzamento que cada ano dedica aos festivais e mostras de cinema e audiovisual en Galicia?
2. Entende que a axuda da Administración autonómica é proporcional a doutras administracións? Valora o Goberno incrementar esta axuda?
3. É coñecedor o Goberno galego do impacto económico destes festivais en Galicia?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 27/02/2023 18:53:16

Noelia Otero Lago na data 27/02/2023 18:53:36

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

184221

@PSdeG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo, Rosana Pérez Fernández e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a valoración por parte da Xunta de Galiza do dato adiantado do Instituto Nacional de Estatística para o mes de febreiro e o previsible impacto no noso país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de febreiro de 2023 o Instituto Nacional de Estatística vén de publicar o dato adiantado do Índice de Prezos ao Consumo de febreiro a nivel estatal. O dato que ofrece non é nada positivo, porque se constata unha suba do IPC xeral que supera en dúas décimas ao dato de xaneiro até situarse no 6,1% e, o que aínda pode ser máis preocupante, a suba do IPC subxacente (o que exclúe elementos frescos e non elaborados e produtos enerxéticos, cuxos prezos observan maior volatilidade) que supera tamén en dúas décimas ao dato de xaneiro até situarse no: 7,7%.

Estas perspectivas son preocupantes en xeral e máis se temos en conta o diferencial que adoita presentar Galiza, cuns datos superiores aos do Estado.

De momento, o dato pechado máis recente é o do pasado mes de xaneiro, no que o IGE confirmaba as seguintes informacións:

- O índice xeral de Galiza correspondente ao mes de xaneiro de 2023 rexistrou unha redución do 0,3% con respecto ao mes anterior.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Respecto a xaneiro de 2022, os prezos rexistraron un aumento do 6,4%, cinco décimas máis que no conxunto do Estado (5,9%).

- A variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi dun 8,0%, dúas décimas superior á rexistrada en decembro (7,8%) e cinco décimas superior á rexistrada a nivel estatal (7,5%).

- En termos de taxa interanual, é o grupo de "Alimentos e bebidas non alcohólicas" (15,6%) o que repercuten máis positivamente na taxa (4,0 puntos).

- Con respecto á variación interanual do mes anterior (6,44%), a taxa baixou 0,03 puntos ata situarse no 6,41% en xaneiro de 2023. O grupo que máis contribuíu a esta baixada foi "Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles.

A crise inflacionaria continúa a ser un dos principais problemas da economía mundial, española e galega.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que expectativas valora o goberno galego diante da permanencia da inflación nos primeiros meses de 2023?

Considera posible un empeoramento dos indicadores no primeiro semestre?

Considera que se están a cumprir as previsións do cadro macroeconómico dos vixentes orzamentos?

Considera o goberno galego que está a acertar na súa política de medidas paliativas dos sectores máis damnificados?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que está a espremer de forma suficiente o autogoberno económico e financeiro de Galiza para atender esta crise?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Rosana Pérez Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 28/02/2023 13:25:04

Daniel Pérez López na data 28/02/2023 13:25:07

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/02/2023 13:25:21

Noa Presas Bergantiños na data 28/02/2023 13:25:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de preservar o patrimonio arquitectónico, etnolóxico e arqueolóxico que representa a Viaxe de Visma (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entender e coñecer A Coruña que fomos sérvenos para definir A Coruña que somos e a que podemos chegar a ser.

Así pois, coñecer e poñer en valor o noso pasado axúdanos a comprender o noso presente e a deseñar o noso futuro. Por iso, non debemos borrar as pegadas históricas da cidade do pasado nin ignoralas.

Hai anos, o desenvolvemento urbanístico e o mantemento ou recuperación do patrimonio eran cuestións antagónicas, o que levou a facer desaparecer de moitas cidades e vilas elementos arquitectónicos, etnolóxicos ou arqueolóxicos que explicaban moito do que eses lugares eran.

Iso foi o que aconteceu na contorna de Santo Amaro. A urbanización da zona fixo desaparecer elementos importantes como a Batería de Durmideiras, xemelga da de Oza, o Castelo de Santo Amaro, probabelmente erixido tras o ataque de Drake, a Capela de Santo Amaro, cuxa romaría atraía persoas de toda a comarca que celebraban as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

merendiñas ao carón deste inmóbel, a Fonte do Picho, que aínda é referencia toponímica para moitas persoas do barrio que a lembran, ou o lavadoiro dos Boliños.

No caso de San Pedro de Visma, temos a oportunidade aínda de protexer e poñer en valor restos históricos que nos falan de como comezou a subministración de auga á cidade, o que permite poñer en diálogo e entender mellor na actualidade os dous elementos da Viaxe de Visma presentes nun mesmo espazo: a Arqueta dos Frades, xa catalogada no PXOM de 2013, e un segundo elemento atopado ao limpar a finca denominada Tarrea da Arqueta, comunicado á Dirección xeral de patrimonio cultural polo arqueólogo municipal coa proposta de o incluír no catálogo tramitando un proxecto de actividade arqueolóxica ligada a traballos de protección, consolidación e restauración.

Transcorridos seis anos o goberno local aínda non ten catalogado este segundo elemento e neste momento o proxecto de urbanización dun viario compromete a conservación deste ben inmovible.

Se a preservación do noso patrimonio arquitectónico, etnolóxico e arqueolóxico é importante, non se entende esta falta de interese do goberno local ao non tomar as medidas necesarias para evitar danos irreversíbeis sobre este patrimonio cultural.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita :

Que medidas está a tomar a Xunta para que o Concello da Coruña inclúa no proxecto de urbanización do SURT2 San Pedro de Visma o elemento descuberto en 2017 para lle dar unha lectura musealística conxunta á Viaxe de Visma?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/02/2023 17:41:24

Daniel Castro García na data 28/02/2023 17:41:28

Mercedes Queixas Zas na data 28/02/2023 17:41:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade sobre a necesidade de revisar as declaración de impacto ambiental dos parques eólicos FELGA, FEÁS, GATO, PENAS BOAS e SESELLE e analizar todos os impactos sinérxicos e acumulativos dos cinco proxectos de parques eólicos situados no Monte do Gato (Oza-Cesuras, Aranga e Coirós).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após un proceso de máis de dous anos, a Xunta acaba de resolver en escasos días a totalidade das declaracións de impacto ambiental dos seis parques eólicos promovidos por Greenalia e Galenergy que se prevén instalar no Monte do Gato, situado nos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós.

As Declaracións de Impacto Ambiental dos parques eólicos FELGA, FEÁS, GATO, PENAS BOAS e SESELLE resolven que os proxectos son ambientalmente viábeis, mentres que FONTELLA é desfavorábel.

Unha tramitación fragmentada en seis polígonos industriais eólicos só en aparencia pois certamente responden a un único macroparque, como demostra o feito de compartir instalacións como subestacións eléctricas así como parte da rede de liñas de alta tensión.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De feito, a propia DIA do parque eólico FELGA reconece “a posibilidade de atoparse ante unha división artificial dun único parque eólico formado polos parques eólicos Felga e Gato”.

Da lectura das seis Declaracións de Impacto Ambiental dedúcense que son moitas as razóns que demostran que non estamos ante un proxecto de transición enerxética xusta nin sustentábel ambientalmente, senón máis ben un proxecto de destrución do patrimonio natural e cultural con graves consecuencias para un territorio sacrificado e unha veciñanza expulsada dos seus espazos, traballos e formas de vida.

A acumulación de proxectos, as dimensións dos aeroxeradores e a ubicación nos arredores dos núcleos, teñen un impacto elevado no medio natural, no patrimonio cultural, nos recursos hídricos, na paisaxe, no valor das terras, nas actividades propias do territorio e na saúde das persoas.

Unha dramática realidade, tanto máis agravada como inexplicábel, se temos en conta que o Monte do Gato fai parte da zona núcleo e tampón da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo cun alto valor natural e ambiental no que sobrancean as áreas de turbeiras, humidais, fundamentais na regulación do ciclo hidrolóxico, na preservación da biodiversidade e na loita contra o cambio climático.

Neste sentido, son esclarecedoras as elevadas cautelas e medidas que a totalidade das DIA determinan desde a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural advertindo que estamos ante “unha área de especial riqueza arqueolóxica, especialmente pola presenza nos seus arredores da necrópole do Monte do Gato, conxunto que presenta unha especial concentración de xacementos”.

Para alén do patrimonio arqueolóxico coñecido, catalogado e mesmo recoñecido como BIC, como é o caso da Torre Teodomiro, a zona na que se pretenden implantar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estes polígonos industriais eólicos está inzada de bens patrimoniais descoñecidos até hai pouco tempo e na súa maior parte descubertos e catalogados pola veciñanza nos últimos tempos. É por esta razón que entendemos que constitúe un atentado contra o patrimonio cultural que se pretenda implantar un parque eólico enriba dunha área de tal riqueza arqueolóxica.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Ten previsto a Xunta aprobar os proxectos FELGA, FEÁS, GATO, PENAS BOAS e SESELLE , promovidos por Greenalia e Galenergy, aínda sendo coñecedores de se tratar dun exemplo evidente de fragmentación fraudulenta como se recolle nas propias DIA?

Ten intención o goberno galego de revisar a Declaración de Impacto Ambiental dos parques FELGA, FEÁS, GATO, PENAS BOAS e SESELLE, analizando todos os impactos sinérxicos e acumulativos dos dous proxectos, avaliando correctamente o conxunto da documentación presentada, corrixindo todos os erros e utilizando criterios acordados cos empregados noutras DIA?

Vai a Xunta encargar un informe independente sobre o impacto dos parques FELGA, FEÁS, GATO, PENAS BOAS e SESELLE en hábitats protexidos, con referencia específica á incidencia no ecosistema natural e mediambiental?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/02/2023 18:02:25

Noa Presas Bergantiños na data 28/02/2023 18:02:28

Mercedes Queixas Zas na data 28/02/2023 18:02:38



Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Todos os informes e valoracións de expertos nos últimos anos poñen de evidencia o aumento preocupante de alteracións e trastornos da conduta e da saúde mental en idades cada vez máis novas, afectando aos adultos novos e aos menores de idade de maneira sinalada.

A saúde mental infanto – xuvenil amósase como unha preocupación de primeira orde, con datos realmente duros. A OMS apunta que 1 de cada 7 menores de idade ten un problema de saúde mental, aínda asumindo a dificultade de estimar os datos nunha gran parte da poboación mundial. A organización Save The Children apunta no seu informe de 2022 a un aumento de trastornos mentais e de conducta en nenos e adolescentes que chega a triplicar as cifras con respecto á situación pre pandemia.

En canto ás cuestións de recursos, Galicia amosa un claro déficit de profesionais. Dende antes da pandemia, esta comunidade autónoma presentaba os peores datos de España en ratio de profesionais por habitante tanto na categoría de psiquiatría como de psicoloxía clínica e enfermería especialista en saúde mental. Por se fose pouco, a decisión autonómica foi non convocar todas as prazas formativas de especialización para estas categorías que estaban habilitadas para o ano 2023 en Galicia. Esta situación provoca problemas de índole asistencial, pois a media de espera para unha primeira cita en saúde mental, que ten que ser demandada a través do médico de familia, achégase aos 4 meses. Estas demoras, xunto á maior incidencia en Galicia de problemas de saúde mental, fortalecen un modelo farmacoloxizado.





Segundo os informes do SESPAS, Sociedade Española de Saúde Pública e Administración Sanitaria, dende 2019 Galicia lidera a prescrición de tranquilizantes e antidepressivos no conxunto de España, así como os datos sobre mala saúde mental autopercibida. Un 40 % de homes apuntan a algún problema e 50 % de mulleres, destacando notoriamente sobre o resto de comunidades autónomas e incluso duplicando o dato respecto dalgunha como Illas Baleares.

Algúns profesionais apuntan á necesidade, incluso, de mellorar aspectos organizativos e de recursos materiais como a dixitalización da información e evitar a excepcionalidade que viven as relacións entre servizos de pediatria e saúde mental, nos que o traslado de información é aínda analóxico causando problemas de operatividade, perda de eficiencia e de confidencialidade.

O modelo asistencial galego promove a asistencia á enfermidade, tentando de responder ante casos agudos e concentrando os casos de pacientes ingresados e internos, fronte á posibilidade de establecer unha rede de centros de menor tamaño e volume con atención máis personalizada e vinculados ao territorio, o que facilita a reintegración das persoas no seu entorno natural. Esta situación trasládase de maneira especialmente preocupante ás idades infante – xuvenís, que apenas contan con camas de hospitalización ante casos agudos na unidade que cubre o norte de Galicia dende Santiago. A demandada unidade para a zona sur, promovida cun acordo parlamentario de marzo de 2021 a instancias do Grupo Socialista do Parlamento, está aínda en proceso e non conta con data de funcionamento real a pesares de ser obxecto de numerosos anuncios por parte do Goberno galego.

Os datos máis recentes sobre afectación de problemas de saúde mental en idades temperás sinala un aumento dos intentos de suicidio nestas idades, o que da conta da gravidade da situación que se está a vivir nesta franxa de



idade. Os profesionais apuntan a un agravamento desta situación a partir da pandemia da COVID, aínda que xa con anterioridade os expertos e as publicacións científicas viñan apuntando esta tendencia de maneira continuada, aínda que con menos impacto e contundencia que na actualidade. A Asociación Española de Pediatría de Atención Primaria fixo públicos datos que apuntaban a que no ano 2020 duplicouse a taxa de suicidio entre os menores de 15 anos en España, e nas idades 15 a 30 xa é a segunda causa de morte. Estes datos deixan en evidencia a necesidade de afrontar decididamente políticas orientadas a atender e mellorar a saúde mental en idades infanto – xuvenís en Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas pensa tomar o Goberno de Galicia ante o progresivo aumento de casos de trastorno mental en idades infanto – xuvenís en Galicia?
2. Por que o Goberno de Galicia renunciou a convocar todas as prazas formativas de especialización en servizos de saúde mental dispoñibles na convocatoria MIR 2023?
3. Ten previsto o Goberno de Galicia aumentar o volume de prazas de profesionais de saúde mental para achegarse á media estatal?
4. Que prazos ten previstos o Goberno de Galicia para que estea operativa a unidade de hospitalización infanto – xuvenil no Hospital Álvaro Cunqueiro?
5. Por que o Goberno de Galicia non asume o compromiso de habilitar unha unidade de hospitalización infanto – xuvenil en cada área sanitaria de Galicia?

Santiago de Compostela, 1 de marzo do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2023 09:43:18
Nº Rexistro: 50726
Data envío: 01/03/2023 09:43:18.571

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2023 09:39:39

Marina Ortega Otero na data 01/03/2023 09:39:48

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
184235

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Pais de Discapitados Psíquicos de Bergantiños (ASPABER) naceu no ano 1976 en Carballo co obxectivo de proporcionar o apoio e as ferramentas necesarias e imprescindíbeis para que as persoas con discapacidade intelectual podan desenvolver un proxecto de vida digno e acadar a súa inclusión como cidadáns.

ASPABER conta cun servizo especializado de atención diúrna, que facilita servizos e actividades de tipo terapéutico, ocupacional e lúdico, dirixidas a conservar e mellorar as capacidades das persoas con discapacidade intelectual.

Tamén conta cun centro ocupacional no que desde as áreas formativo-laborais buscan un axuste persoal, social e laboral que culmine nunha plena integración e a normalización das súas condicións de vida; ou un centro de convivencia para aquelas persoas con discapacidade con necesidades de apoio límite e intermitente, que por razóns sociais, familiares ou ocupacionais, teñen dificultades para a permanecer no seu fogar.

E por último, un centro educativo (CEEPR ASPABER), que se ubica no lugar de A Brea, que empezou a prestar servizo no ano 2017 e que tiña como fin garantir unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

atención educativa digna cos apoios necesarios para o alumnado con necesidades educativas severas.

Estamos a falar dunha asociación que se foi adaptando aos cambios e novas necesidades das persoas con discapacidade, con vocación de integral, que xogou un papel fundamental na vila carballesa e en toda a comarca en canto a acadar a inclusión das persoas con discapacidade, facéndolles avanzar en independencia e autoestima, cambiando a percepción social sobre elas e actuando coma ferramenta de concienciación sobre a importancia do traballo para acadar cambios sociais. Mais o venres coñeceuse que o 31 de agosto pode ser o derradeiro día en que se presten uns servizos vitais para as persoas con discapacidade e imprescindíbeis para as súas familias.

O centro de educación especial, que actualmente atende a 20 persoas cunha idade inferior aos 21 anos e cun alto grao de dependencia, pode pechar definitivamente pola renuncia da equipa directiva de ASPABER ao convenio que subscribiu coa Xunta de Galiza para o mantemento do centro. As razóns alegadas pola dirección é que as instalacións no reúnen as características necesarias para prestar un servizo en condicións. Literalmente, que son precarias para prestar o servizo. Ao parecer, houbo contactos entre a dirección do centro e a Consellería de Educación para buscar unha solución, pero finalmente a xunta directiva da asociación decidiu non asinar o concerto. Desde a Consellería indicouse que a través da xefatura territorial se lles ofreceu total colaboración e disposición para seguir adiante co acordo.

Ante esta situación, e o posibilidade que vinte usuarios queden sen un servizo vital para eles e as súas familias, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista entendemos que a Consellería de Educación debe apurar todas as vías posíbeis para garantir a continuidade do servizo prestado no centro educativo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que medidas ten pensado adoptar o goberno galego para garantir a continuidade do centro educativo de educación especial CEEPR ASPABER de Carballo?

-Houbo contactos entre a Consellería e a dirección do centro para a asinar o convenio e manter o centro de educación especial aberto? Cal foi o contido desas reunións?

-Cales foron as peticións da dirección do centro para continuar prestando o servizo?

-Considera a Xunta de Galiza que as instalacións reúnen as características necesarias para prestar un servizo deste tipo en condicións?

-Existen eivas no centro? Que actuacións serían necesarias para solucionar esas eivas?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 01/03/2023 09:44:45

Daniel Pérez López na data 01/03/2023 09:44:48



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A economía galega está experimentando un intenso proceso de desaceleración e ralentización do crecemento económico cos datos dos últimos trimestres, mentres hai previsións de crecemento para 2023 que amosan a Galicia nos postos de cola das comunidades autónomas españolas. De feito, o Foro Económico de Galicia vén de falar do desacoplamento da economía galega respecto á española ao detectar que a economía galega ten datos de crecemento que están por debaixo de España e Portugal, existindo un diferencial preocupante entre o crecemento do PIB galego e o español para este ano 2023.

Neste senso as previsións de crecemento do BBVA Research feitas públicas para Galicia chegaron a situalo no 0.5% para o 2023, moi por debaixo da media do Estado. Outros informes e previsións amosan que a economía galega pode crecer algo máis que o indicado nese dato, pero en todo caso menos que no ano 2022 e por debaixo do crecemento esperado para España no 2023.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cal é a política da Xunta de Galicia para impulsar o crecemento económico de Galicia no 2023 e evitar que os datos sexan peores que os da media de España?

Pazo do Parlamento, 1 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 01/03/2023 10:35:49

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/03/2023 10:35:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o incumprimento por parte de Monbús dos horarios da liña de autobús A Estrada- Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o territorio, cumpre tamén unha labor social, ao mesmo tempo ten moita relevancia para facer máis sustentábel o desprazamento por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axuda a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

O último plan de transporte de Galiza, deixou unha situación de practicamente monopolio por parte do grupo Monbús, o que ten ocasionado milleiros de queixas de persoas usuarias e colectivos polas múltiples irregularidades e incumprimentos por parte desta concesionaria, con eliminación ou modificación de horarios, itinerarios, paradas de xeito unilateral, incumprindo o establecido nas cláusulas da concesión.

Un caso concreto desta vulneración é o que acontece co autobús da liña XG 680 A Estrada -Santiago, que até o 23 de xaneiro tiña a primeira hora da mañá dous autobuses con horario 6:40 e 7:20 (este último con saída desde Soutelo).

O 23 de xaneiro, sen previo aviso, o bus das 7:20 pasou a saír de A Estrada ás 6:55, 25 minutos antes do horario establecido. Deste xeito as persoas usuarias, víronse sorprendidas por un cambio horario unilateral por parte da empresa que lle causou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

graves prexuízos, ao deixalas en terra e non poder chegar nin aos seus centros de estudo nin laborais. A pesares das denuncias e reclamacións por parte de usuari@s a empresa continuou con cambios unilaterais tamén sen previo aviso para as 7:10, 7:15...

Este autobús ten un nivel de ocupación moi alto, ao ser utilizado por estudantado e traballadoras/es da administración. Este cambio horario supón un grave prexuízo, queda a tan só quince minutos de diferenza co anterior que une a vila da Estrada con Santiago ás 6:40 e supón que cheguen con moita antelación aos seus horarios de inicio.

Segundo información publicada en medios estes cambios non foron autorizados polo Servizo de Mobilidade da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que medidas vai tomar a Xunta para esixirlle á empresa Monbús, concesionaria da liña XG 680 A Estrada -Santiago, o cumprimento dos horarios establecidos nas condicións de explotación?

Que medidas ten adoptado a Xunta para investigar, inspeccionar e controlar que Monbús cumpra o contrato da liña XG 680 A Estrada -Santiago?

Ten iniciado expediente sancionador diante dos incumprimentos levados a cabo pola concesionaria do servizo de transporte público desta liña?

Que acción leva a cabo a Xunta de Galiza para velar polo cumprimento dos contratos do servizo do transporte público de Galiza?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 01/03/2023 11:24:39

Iria Carreira Pazos na data 01/03/2023 11:24:45

María Montserrat Prado Cores na data 01/03/2023 11:24:57



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O mercado de traballo de Galicia presenta unha serie de eivas que condicionan as posibilidades do seu desenvolvemento.

En primeiro lugar, segundo as medias anuais da EPA, en 2022 as persoas paradas de longa duración supoñen o 42,3 % de todas as paradas, fronte ao 28,9 % que supuñan en 2008.

En segundo lugar, menos de un de cada tres persoas paradas está protexida, o 30,9 %.

En Galicia trabállase aínda en 2022 un 10,1 % menos que en 2008, último ano do Goberno de Touriño. No conxunto do Estado a diminución é do 2,8 %. De estar na media estatal en Galicia estarían a traballar o equivalente de 89.307 persoas a tempo completo.

Coa reforma laboral que fixo o PP, en 2017 dous de cada cinco emprego destruídos, eran indefinidos. Actualmente coa contrarreforma feita polo Goberno de Pedro Sánchez, hai 105.621 temporais menos e 85.076 indefinidos máis. Mentres en 2017 a taxa de precariedade galega era do 27 %, a contrarreforma laboral fíxoa diminuír ata o 19,4 %.

Nesta situación onde as políticas de emprego tiñan que ter activado ás persoas paradas de longa duración, realizar plans contra a brecha que sofren as





mulleres galegas e deseñar medidas para reducir a taxa de desemprego xuvenil os gobernos de Feijoo e Rueda na Xunta de Galicia deixaron sen gastar 1.770 millóns de euros en políticas de emprego.

Ao mesmo tempo existen eivas moi importantes no noso mercado laboral que impiden o seu desenvolvemento por carencia de traballadores cualificados fundamentalmente en ocupacións altamente masculinizadas como a construción e o siderometal.

Neste contexto o deseño das políticas de emprego é imprescindible e para elo é obrigación da Xunta de Galicia garantir a participación dos interlocutores sociais e empresariais máis representativas de Galicia, así como a participación das diferentes administracións locais, co fin de reforzar as políticas en materia laboral con obxectivo de dotar dunha maior solidez, estabilidade e sustentabilidade o tecido laboral en xeral e as persoas traballadoras e traballadores en particular.

Un canal para a posta en común das necesidades e oportunidades de Galicia en materia de emprego como sinalaba o propio Goberno Galego no momento da constitución do Consello Autonómico e dos Provinciais de Emprego creados en virtude do Decreto 192/2011 de 29 de setembro.

Pola súa importancia é importante resaltar as funcións do Consello Autonómico de Emprego:

- a) Participar e colaborar no deseño dos criterios de actuación do Servizo Público de Emprego de Galicia.
- b) Participar e informar sobre a planificación das políticas activas de emprego así como sobre a súa programación, de acordo coas competencias da Comunidade Autónoma nesta materia.





- c) Emitir informe sobre a memoria anual do Servicio Público de Emprego de Galicia.
- d) Analizar a información relativa o mercado de traballo, así como os programas e actuacións do Servicio Público de Emprego de Galicia.
- e) Coñecer, con carácter previo, os anteproxectos de lei o proxectos de normas regulamentarias de desenvolvemento de normas legais, con relación ás materias da súa competencia.
- f) As demais funcións que resulten propias da súa condición de órgano consultivo de participación e asesoramento, sen prexuízo das competencias da Xunta de Galicia.

Por outra banda os consellos provinciais teñen como ámbito de actuación as respectivas provincias galegas, analizando a información de empresas, traballadores e representantes sindicais sobre a situación do emprego na provincia, así como formulando iniciativas, propostas e recomendacións ós órganos os que corresponda sobre a situación e desenvolvemento do emprego na provincia, a eficacia da normas e programas desenvolvidos, adaptando as políticas activas a cada territorio. Estes órganos ocuparíanse de facer o seguimento da aplicación a nivel provincial dos acordos do Consello Autonómico de Emprego, de formular propostas e recomendacións sobre a situación e desenvolvemento do emprego en cada provincia.

A pesar da obriga do Goberno galego de convocar semestralmente o Consello Autonómico de Emprego e trimestralmente o provincial, os consellos non se reuniron nin unha vez nesta lexislatura.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego de que o Consello Autonómico e os Provinciais de Emprego non se convocaran no que vai de lexislatura?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50753
Data envío: 01/03/2023 15:08:05.889

2. Cando se celebrou a última reunión do Consello Autonómico de Emprego e dos Provinciais?
3. Cando se constituíron os comités territoriais e cantas reunións mantiveron dende aquela?
4. Cando vai convocar a Consellería de Emprego e Igualdade o Comité Autonómico de Emprego , os provinciais e os territoriais?
5. Que medidas pensa adoptar o Goberno galego ante a brecha salarial que sofren as mulleres galegas?
6. E para activar ós parados de longa duración?
7. Ante a alta taxa de desemprego xuvenil, que padece a nosa Comunidade Autónoma, pensan deseñar un plan de choque?

Santiago de Compostela, 1 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 01/03/2023 15:04:33

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2023 15:04:48

Marina Ortega Otero na data 01/03/2023 15:04:58

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
184247

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Eduardo Ojea Arias, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O antigo Hospital Comarcal de Valdeorras, sito no O Barco, unha localidade de máis de 13.000 habitantes no sureste da provincia de Ourense, foi inaugurado vai 50 anos e chegou a contar con máis de 400 persoas traballadoras: médicos/as especialistas, farmacéuticos/as, psicólogos/as, enfermeiros/as, celadores, persoal de cociña, limpeza, lavandería, cafetería...

O Hospital cubre unha poboación de 32.000 persoas de O Barco e o resto de municipios da comarca, mais leva un lento proceso de perda de recursos materiais e humanos, dende a reforma sanitaria do ano 2012, coa perda da autonomía dos hospitais comarcais.

Esas carencias provocan que as persoas enfermas que no poidan ser atendidos no hospital deban ir a Ourense, a unha hora e corenta e cinco minutos por unha infame estrada cun transporte público deficitario.

Non é de esquecer, que recentemente máis de 4.000 persoas se manifestaron protestando pola situación do hospital e en defensa da sanidade pública.

Case todas as especialidades do Hospital de Valdeorras son deficitarias, e as poucas que non o son levan trinta anos sen aumentar persoal, cando o certo é que a demanda si aumentou.





Desde o Sergas negan recortes de persoal, asegurando que as dificultades para cubrir baixas ou vacantes no se poden confundir coa falta dun servizo. A pesares desa negación non é menos certo que acaba de dimitir a directora Margarita Rodríguez que era a directora de distrito dende 2019, representa a terceira dimisión nos últimos cinco anos. As continuas reclamacións a Ourense de mais persoal e de mais medios, que de forma recorrente os tres estaban a solicitar e que non foron tidas en conta, forzaron a tomar a decisión de abandonar o seu cargo de dirección.

A Consellería de Sanidade é a responsable dos nomeamentos ao fronte do hospital, e desde a chegada do PP ao Goberno galego xa pasaron cinco persoas pola dirección, e probablemente sigan dimitindo xa que mentres se dependa de Ourense a súa capacidade é moi escasa. Isto ven a confirmar que a situación neste hospital non é tan perfecta, xa que son os propios encargados/as de xestión os que así o manifestan coa súa dimisión.

Dentro desta área sanitaria, pertencente a Área Sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras está A Rúa, é un concello con algo máis de 4.200 habitantes, na comarca de Valdeorras, no oriente ourensá, co 50 % de homes e de mulleres, reflicte a realidade galega co 11 % de menores de 18 anos, 59 % entre 18-65 anos e 30 % maiores de 65 anos. É dicir un importante tramo de idade está a necesitar o seu carón dun servizo sanitario axeitado.

A Rúa ten un centro de saúde moi antigo, ten sobre 40 anos, que era a casa do médico e no que se consulta con graves carencias de espazo. Dende vai 20 anos os veciños/as están a reclamar o cambio de edificio. En xaneiro do 2022 o conselleiro de Sanidade afirmou que se ía facer un novo centro de saúde.

Actualmente, e segundo o propio plan funcional do Sergas, ten asignados 4 médicos de medicina xeral, 2 pediatras (dos que so hai 1), 4 enfermeiras, 1





auxiliar de enfermería e 2 administrativos, posúe tamén dúas unidades de apoio, un odontólogo e 1 hixienista bucal.

Na súa proximidade hai dúas residencias de anciáns: Os Pinos con 111 prazas, e a Nosa Señora de Fátima con 70 prazas.

O número de tarxeta Individual Sanitaria (TIS) que xestionan os catro médicos é de 3736 fixos, sen contar os desprazados/as. A pesares de todo isto o centro de saúde da Rúa ten grandes carencias como problemas de accesibilidade, antigüidade da construción, espazos reducidos...O Concello porá o terreo para a súa construción, xa está a dispor. A Deputación Provincial de Ourense colaborará co concello para facer as obras de urbanización da parcela, e a Xunta de Galicia construírá dito centro de saúde.

O 30 de marzo de 2022 publícase no portal de contratos públicos de Galicia, o contrato de servizo para redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra da edificación do Centro de Saúde da Rúa.

En xaneiro do 2023 a Xunta de Galicia aprobaba o proxecto básico do novo centro de saúde da Rúa. A execución do proxecto suporá unha inversión de 2,4 millóns de euros, contará con mais de 1000 metros cadrados, xa conta co visto e prace da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Segundo a Xunta de Galicia, é un proxecto que define unha idea global do edificio e da súa urbanización coa súa concepción construtiva e de instalacións. Agora a Xunta está a avanzar na redacción do proxecto e unha vez aprobado permitirá a licitación da execución da obra.

Terá unha área de adultos con tres consultas de Medicina Xeral e 1 sala polivalente, tres consultas de enfermería e 1 sala de técnicos. Disporá tamén dun área de pediatría con consulta médica, 3 consultas de enfermería, outra de enfermería, sala de lactancia, aseos e salas de espera específicas. Outras



dependencias do centro, estarán na área da muller, con sala de atención, sala para educación para saúde.

Do análise do proxecto, os veciños/as de A Rúa mostran unha inquedaanza xeral pola posibilidade da perda dun facultativo, pasando de catro a tres para atender aos mais de 3700, como así se manifesta no plan funcional.

Seguindo con infraestruturas sanitarias en Valdeorras, chama a atención as obras que se realizan no interior do Hospital de Valdeorras na zona de consultas externas, que teñen inutilizado unha parte importante do mesmo. Comezaron no 2020 e foron paralizadas ó pouco de empezar, deixando as mesmas a empresa adxudicataria. Logo de meses, e de aprobar un novo orzamento con case 200.000 € máis que o inicial, e cunha nova empresa, parece ser que se volve a estar como o principio, segue a faltar orzamento para a execución de determinadas actuacións imprescindibles para que o hospital quede nunhas condicións óptimas.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Indica ese proxecto que a Xunta de Galicia vai a manter os catro facultativos que están ata o de agora a atender o Centro de Saúde da Rúa, ou ten previsto eliminar un facultativo en dito Centro de Saúde, como aconteceu en Rubiá, O Bolo e A Veiga, na que hai un médico de garda para atender unha zona de 800 quilómetros cadrados?
2. Non considera a Xunta de Galicia a posibilidade de que ante unha poboación tan dispersa e envellecida como Valdeorras, e a máis de 115 quilómetros de distancia do hospital de referencia, de dispor dunha ambulancia medicalizada xa que a única que hai está en Ourense?
3. Ten pensado a Xunta dar unha explicación oficial das causas da demora dunha obra iniciada no 2020 e inda sen rematar?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50758
Data envío: 01/03/2023 15:36:04.514

4. Para cando teñen previsto a creación do Consello de Saúde do distrito de Valdeorras, previsto na Lei 2/2018?

Santiago de Compostela, 1 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Eduardo Ojea Arias na data 01/03/2023 15:30:33

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2023 15:30:41

Marina Ortega Otero na data 01/03/2023 15:30:50

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
184252

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O concello de Bueu non é alleo á situación de colapso na que se atopa a Atención Primaria en Galicia o que está a provocar un grave prexuízo á cidadanía.

Este concello ten unha poboación de arredor de 12.000 habitantes que se triplica durante o os meses de verán e onde o 35 % son maiores de 65 ou menores de 14 anos.

O PAC de Bueu presenta moitísimas carencias que están a provocar un gran agravio e obrigan aos usuarios ao traslado a outros concellos, cunha distancia de aproximadamente 15 km co concello de Marín e a 23 km dos centros de referencia para pediatría (Hospital Provincial) e para as diferentes especialidades (Hospital Montecelo).

Tradicionalmente, o PAC de Bueu contaba con asistencia pediátrica desenvolvida por dous profesionais, pero debido aos recortes dos últimos anos, na actualidade unicamente estaba desenvolvendo esta tarefa 1 pediatra que atendía a un número moi elevado de menores ao ser claramente insuficiente. Dende hai unha semana atópase de baixa e os nenos e nenas deste concello non teñen atención médica.



En plena época de gripe e outros virus estacionais a situación de desatención que está a provocar esta ausencia é inasumible atopándonos bebés acabados de nacer que non recibiron a súa primeira revisión pediátrica, nenos e nenas sen vacinar ou algúns con enfermidades crónicas sen revisar os seus tratamentos.

O persoal sanitario do centro esta a facer todo o que pode para suplir as carencias e solicitou repetidamente ao Sergas a cobertura desta baixa, sen que dende a Administración exista vontade de cubrir.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista esiximos ao Sergas a cobertura desta baixa e o incremento do cadro de pediatras en Bueu ata acadar o número de dous pediatras como existiu tradicionalmente neste concello, non podemos tolerar que os nenos e nenas de Bueu non teñan acceso a unha atención médica.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Como valora este goberno a ausencia de pediatra nun concello como o de Bueu?
2. Ten previsto de forma inmediata cubrir a baixa do pediatra que presta atención sanitaria en Bueu?
3. Vai este goberno incrementar o cadro de pediatras no PAC de Bueu ata dous profesionais médicos?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2023 16:36:20
Nº Rexistro: 50765
Data envío: 01/03/2023 16:36:20.654

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 01/03/2023 13:29:59

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2023 13:30:12

Marina Ortega Otero na data 01/03/2023 13:30:25

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
184255

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de comprometer o goberno obras de reforma pendentes no CEIP Vales Villamarín de Betanzos (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A oferta educativa pública no concello de Betanzos a respecto do ensino infantil e primario centralízase no CEIP Francisco Vales Villamarín.

O CEIP Francisco Vales Villamarín conta con 31 aulas de Primaria e 11 de Infantil e atende ao redor de 900 alumnos e alumnas, o que o converte nun dos maiores centros educativos de Galiza. O centro recolle alumnado dos concellos de Betanzos, Paderne e Coirós, que se distribúen en dous edificios separados por máis de 300 metros de distancia: o aulario (onde se albergan as alumnas e alumnos de infantil) e o centro de referencia.

O centro está a celebrar o seu 50 aniversario neste curso académico 2022-23 e conta cos problemas infraestruturais propios dun centro desa antigüidade. Requírese unha mellora da fachada e do illamento térmico do edificio, un cambio nas xanelas, melloras na iluminación e nas dotacións do centro, ampliación do comedor e outras reformas, como as que teñen a ver coa instalación eléctrica e de calefacción.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai uns anos, a Xunta de Galiza levou a cabo unha primeira reforma dun dos bloques do edificio, que sufriu unha gran mellora, mais deixou pendente a rehabilitación do outro dos bloques (precisamente o máis frío e sombrizo).

Desta maneira, o alumnado e o persoal do CEIP Vales Villamarín conviven en dous edificios ben diferentes, con diferenzas térmicas que oscilan arredor de 3º e que implican unha forte desigualdade entre o alumnado.

Mención á parte merece a situación do comedor. A día de hoxe, o comedor do centro de referencia atende a máis de 200 alumnos e alumnas, cando está pensado para dar servizo a 80. En consecuencia, o alumnado debe xantar en dúas quendas, o que condiciona fortemente a prestación do servizo e a calidade do mesmo. Por tanto, faise necesaria unha ampliación e mellora das instalacións do comedor do centro.

Desde a Consellería de Educación anunciouse en 2021 a posta en marcha do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica dotado con 191 millóns de euros para desenvolver na presente lexislatura, cunha orientación estritamente educativa, con espazos máis amplos e polivalentes, máis saudables, ambientalmente sustentábeis e cun reforzo da dotación tecnolóxica para afrontar o futuro dixital.

Segundo a Consellería, as actuacións contempladas inclúen tanto centros de nova construción como ampliacións, rehabilitacións integrais, obras en fachadas e cubertas e intervención varias.

No BNG entendemos que a situación de elevado deterioro, incompatíbel coas necesarias garantías dunha calidade educativa merecente de tal nome, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presenta o CEIP Francisco Vales Villamarín de Betanzos debe revertirse canto antes.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Recoñece o goberno a situación de deterioro que presenta unha parte do CEIP Vales Villamarín de Betanzos?
- Como cualifica o estado xeral do bloque escolar pendente de reformar?
- Que solución propón o goberno para ampliar o comedor escolar e dar un servizo de calidade adaptado á demanda real?
- Comprométese o goberno galego a, na maior brevidade posíbel, completar as reformas pendentes nunha parte do CEIP Vales Villamarín de Betanzos para asegurar un marco educativo equitativo e de calidade?

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 01/03/2023 17:37:03

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 01/03/2023 17:37:07





Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta, Eduardo Ojea Arias e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Existe entre os docentes e dende hai tempo xa un sentimento e malestar xeneralizado de que o seu labor céntrase cada vez máis na realización de tarefas burocráticas que na xestión do proceso de ensino-aprendizaxe. Unha percepción que fai xerar desmotivación e rexeitamento cara a estas tarefas.

Esta cuestión xunto aos recortes nestes tempos de tanta dificultade denunciada en moitos centros con problemáticas delicadas, aumento de casos por condutas suicidas, aumento da incidencia de situacións relacionadas coa saúde mental na infancia e mocidade que están a ser afrontados pola vontade, profesionalidade e entrega das e dos docentes pero a costa dun nivel de estrés e sobrecarga horaria que non pode seguir obviando a Consellería de Educación.

Esta sensación de carga burocrática que xa ven de atrás viuse incrementada coa xestión asociada ao estado coa pandemia, primeiro o estado de alarma, confinamento e a convivencia do sistema educativo coa pandemia. Para lograr que o sistema educativo funcione adecuadamente débese contar co número necesario de profesionais, e que estes estean motivados e cualificados. Entre as principais demandas do profesorado galego está tamén a redución do horario lectivo, demanda que ten sido respondida na maior parte das comunidades autónomas, quedando Galicia entre as única catro que aínda manteñen esta débeda.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o número de alumnado e profesorado da provincia de Ourense por centros diferenciados en canto á súa titularidade –públicos, concertados e privados- e cursos no caso do alumnado, correspondente ás etapas de Educación Infantil, E. Primaria, E. Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional (por ciclos e especialidades) e de diversidade funcional en cada etapa?
2. Cal é o cadro de profesorado á fronte dos departamentos de orientación en centros públicos e concertados da provincia de Ourense e nas demais provincias da Comunidade autónoma detallado por centros e etapas (mestres en infantil e primaria nestas etapas; do corpo de profesores de Psicoloxía e Pedagogía nas demais); así mesmo número de profesorado substituto e interino á fronte de departamentos de orientación en cada unha das provincias?
3. Cal é o alumnado por centros, etapas e cursos que fan uso do servizo de transporte escolar?
4. Cal é o alumnado beneficiario e usuario do servizo de comedor escolar?
5. E o alumnado matriculado en Formación Profesional Básica e Formación Profesional Dual en cada un dos centros da provincia de Ourense?
6. Cal é a listaxe dos Consellos Escolares Municipais constituídos na provincia de Ourense?

Santiago de Compostela, 2 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 02/03/2023 12:26:31





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 12:30:34
Nº Rexistro: 50794
Data envío: 02/03/2023 12:30:34.457

Marina Ortega Otero na data 02/03/2023 12:26:39

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/03/2023 12:26:48

Eduardo Ojea Arias na data 02/03/2023 12:26:58

Noa Susana Díaz Varela na data 02/03/2023 12:27:07

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
184262

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes a **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

No Diario Oficial de Galicia do 17 de febreiro de 2023 a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes publicou a Orde do 9 de febreiro de 2023 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local prevista nas alíneas h), j) e k) do artigo 59.catro da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023, cun crédito de 15.600.000 €, destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, para o financiamento das seguintes actuacións:

- Liña 1. Investimentos destinados á mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas municipais, cun crédito de 8.600.000 €, cunha asignación máxima inicial por concello de 200.000 €.
- Liña 2. Adquisición de maquinaria e equipamento vinculado á prestación de servizos de competencia municipal, cun crédito de 2.000.000 €, cunha asignación máxima inicial por concello de 30.000 €.
- Liña 3. Investimentos destinados á modernización e á mellora das redes de abastecemento municipal, cun orzamento de 5.000.000 €, cunha asignación máxima inicial por concello de 50.000 €.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 12:38:11
Nº Rexistro: 50797
Data envío: 02/03/2023 12:38:11.520

No artigo 5 establécense as actuacións financiáveis cos requisitos das actuacións.

Unha vez máis vemos como a Xunta de Galicia destina recursos aos concellos galegos sen que sexan os gobernos locais os que decidan a que se destinan, senón que o seu uso veña imposto pola Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª. Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia condiciona estes fondos cara aos concellos galegos?

2ª. Cales son as razóns polas que o Goberno galego non incorpora estes fondos ao Fondo de cooperación local principal?

3ª. Dos 15.600.000 € cantos son fondos propios e cantos veñen do Estado directamente ou a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/03/2023 19:11:54

Paloma Castro Rey na data 01/03/2023 19:12:11

Pablo Arangüena Fernández na data 01/03/2023 19:12:24

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

184264

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Torrado Quintela, Noa Díaz Varela e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

As rías galegas son referenciadas no mundo por, entre outras cousas, a súa capacidade produtiva de marisco de distintas especies. Nomeadamente o marisqueo, sexa a flote ou a pé, é un sinal de identidade que, ademais, é un sector economicamente relevante do que viven milleiros de familias de maneira directa e indirecta e do que dependen en boa parte as economías locais de moitas vilas das nosas rías.

Nos últimos anos a perda de capacidade produtiva está sendo un grave problema que debe ser atallado en toda a medida que sexa posible e sobre a que faltan medidas decididas que afronten unha realidade que, sendo multicausal, pode ter maior implicación por parte da Administración responsable.

Especificamente os problemas de aumento e diminución brusca da salinidade veñen provocando, xunto a outras causas, episodios de enorme mortalidade de marisco. Son notoriamente coñecidos os episodios nas rías de Arousa ou de Muros – Noia, afectando a diversas especies entre as que se atopan a ameixa e o berberecho, referentes indiscutibles nesas rías.

As causas dos bruscos cambios de salinidade das augas son varios, pero algúns deles ten responsabilidade directa de xestión que é claramente mellorable, como o control dos desaugues dos embalses que verten as súas augas aos ríos que desembocan nestas rías, ou de maneira case directa contra





as bocas destas rías. No caso das dúas rías manifestadas son coñecidos polo sector os episodios de baleirado dos embalses de maneira brusca, sen control e sen aviso ou con advertencias apenas a feitos consumados a algunhas entidades de emerxencias da contorna.

Sendo natural asumir que os procesos de baleirado de auga veñen marcados pola propia cantidade acumulada desta, non é menos natural entender que é posible regularse e controlar estes desaugues de maneira máis axustada para non prexudicar ao sector marisqueiro. Así, a coincidencia destes episodios con momentos concretos de mareas e secas para mariscar provocan que o impacto desas grandes masas de auga doce sexan claramente máis problemáticas para o marisco que se se fai de maneira escalonada e aproveitando momentos de marea chea para que o volume de auga salgada que recibe o desaugado sexa maior e, así, asuma mellor tanto os cambios de salinidade como a entrada brusca e con forza que afecta ao propio produto e ao sistema medioambiental da ría. Cabe apuntar, ademais, que a baixada de fortes masas de auga en momentos de sexa, cando hai xente traballando no mar, ten provocado algunha situación de incerteza e descontrol na xente que traballa e que pode afectar á súa seguridade.

Os embalses referidos son xestionados por empresas de titularidade privada a través de concesións da xestión por parte da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. É consciente o Goberno de Galicia dos problemas que provoca o descontrol e desregulación dos baleirados dos embalses que afectan sobre bancos marisqueiros?
2. Coñece o Goberno de Galicia a valoración e os problemas que transmiten os colectivos de mariscadores/as e as confrarías de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 13:04:02
Nº Rexistro: 50806
Data envío: 02/03/2023 13:04:02.707

pescadores sobre os embalses e a falta de coordinación na labor de baleirado?

3. Ten previsto o Goberno de Galicia establecer un protocolo que pretenda regular esta situación da afectación dos baleirados dos embalses cando afectan a bancos marisqueiros das rías galegas?

Santiago de Compostela, 2 de marzo do 2023

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 02/03/2023 13:00:55

Noa Susana Díaz Varela na data 02/03/2023 13:01:03

Patricia Otero Rodríguez na data 02/03/2023 13:01:14

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
184267

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

ASPABER ten dende o ano 2017 un concerto coa Consellería de Educación para dar nas súas instalacións de Carballo o servizo de educación especial para os rapaces do entorno da comarca de Bergantiños e Costa da Morte.

O CEEPR de ASPABER en Carballo comezou a funcionar nese ano 2017 con 5 rapaces en modalidades completa e combinada e a día de hoxe conta cuns 20 usuarios de matrícula que reciben a súa educación en tres unidades do centro.

Malia o número crecente de usuarios e de non saber cantos solicitaron a matrícula para o vindeiro curso, ASPABER sen previo aviso, comunicou que non renovaríase o convenio coa Consellería de Educación e que deixará de dar este servizo educativo nas súas instalacións a finais de agosto deste ano, dicindo que o centro non reúne as condicións necesarias para un número crecente de usuarios e para un convenio de 6 anos coa consellería de educación.

A competencia educativa destes rapaces corresponde á Consellería de Educación que é quen debe dar resposta a uns pais e nais moi preocupados porque ven como a desaparición do centro educativo suporá un empeoramento do proceso educativo dos seus rapaces e dificultará máis a difícil conciliación dunhas familias que para ter un servizo similar terán que buscar praza na Coruña ou Santiago, lonxe da súa poboación de orixe.



A propia xunta directiva de ASPABER para o centro educativo, comunica que na súa intención “sempre estivo a necesidade de proporcionar ao noso alumnado o apoio necesario para o seu desenvolvemento persoal, potenciando ao máximo as súas actitudes e capacidades e procurando acadar a súa plena formación educativa integración social e laboral. Non obstante, na actualidade as nosas instalacións non son as adecuadas para poder ofrecer unha atención educativa da forma que merecen os nosos alumnos. Por este motivo e, tras realizar múltiples trámites para conseguir unhas instalacións adecuadas aos obxectivos perseguidos, non foi posible. En consecuencia, a xunta directiva viuse obrigada a tomar a triste e difícil decisión de proceder ao peche definitivo do noso centro de educación especial”, un comunicado que indica que se a Xunta de Galicia atendese as demandas do propio centro para ter unhas instalacións axeitadas, a continuidade do servizo estaría garantida.

As familias comezaron as súas mobilizacións, pedindo que a Administración competente, é dicir, a Xunta de Galicia, aporte solucións reais e xustas ante esta situación e que non incidan negativamente no benestar dos alumnos e alumnas, nin complique máis a vida das familias que necesitan máis que ninguén do apoio da Administración e que ven como unha vez máis se esquece na comarca de Bergantiños e dun contorno rural no que cada día é máis complexo fixar poboación.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª. Vai a Consellería de Educación a atender ás peticións das 20 familias afectadas polo anunciado peche do CEEPR ASPABER de Carballo?

2ª. Cales é a solución que manexa a Consellería ante este inesperado peche?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50819
Data envío: 02/03/2023 14:08:39.192

3ª. Ten a Consellería algunha alternativa estudada para darlle unha cobertura xusta aos usuarios do centro?

Pazo do Parlamento, 2 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 02/03/2023 12:02:48

Julio Torrado Quintela na data 02/03/2023 12:03:03

Marina Ortega Otero na data 02/03/2023 14:07:57

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
184270

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Ramón Fernández Alfonso, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación do persoal de limpeza na Cidade da Cultura.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O persoal dos servizos de limpeza, maioritariamente conformado por mulleres, é un dos colectivos profesionais máis precarizados actualmente. Esta situación agrávase no caso de traballadoras que realizan o seu traballo para a empresa privada, aínda nos casos de prestar un servizo público externalizado.

Esta é a situación na que se atopan as traballadoras da Cidade da Cultura, que realizan o seu traballo neste centro dependente da Administración e sen teren acadado unha equiparación salarial a respecto das traballadoras do sector público. Cómpre ter presente xa non as dimensións e características destes edificios, senón tamén a alta utilización que están a ter nos últimos tempos, como supuxo que este fose un dos centros masivos de vacinación da COVID-19 ou a súa adecuación actual para acoller o xuízo polo accidente ferroviario do Alvia en Angrois.

Actualmente está a piques de ser publicado un novo concurso para a prestación deste servizo, máis as traballadoras descoñecen se a Fundación Cidade da Cultura está incluída dentro dos centros que recollerá este novo prego.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

– É consciente o goberno galego da situación na que se atopan as traballadoras da limpeza da Cidade da Cultura?

– Por que non se produciu aínda a harmonización dos seus contratos con respecto ao persoal de Servizos Centrais, para acadar así a equiparación salarial?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 02/03/2023 17:58:54

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/03/2023 17:58:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Carmela González Iglesias e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os incumprimentos laborais da empresa LIDL no almacén loxístico de Narón.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal do almacén de distribución que a empresa LIDL SUPERMERCADOS SAU ten no Polígono Río do Pozo, no Concello de Narón, leva en situación de folga indefinida desde o día 14 de febreiro.

A folga está convocada por causa dos reiterados incumprimentos do convenio colectivo por parte da empresa, principalmente por causa da realización de xornadas extraordinarias por riba dos límites legais.

Neste centro de traballo prestan servizo unhas 150 persoas, e a folga está a ter un elevado seguimento, que entre o persoal indefinido é do 100%.

A dirección da empresa está a tomar medidas para fornecer de mercadoría as tendas desde outros almacéns, o que é unha conduta manifestamente vulneradora do dereito fundamental de folga do persoal. A CIG, como sindicato convocante da folga, ven de presentar demanda perante a xurisdición social por este motivo.

No entanto a empresa négase a negociar co comité de folga unha posíbel solución do conflito.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlense as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Ten contactos formais a Xunta de Galiza coas partes implicadas neste conflito?
- . Como estima a Xunta de Galiza que afecta a realización de xornadas extraordinarias excesivas á saúde do persoal?
- . Como valora a Xunta de Galiza a situación socio-laboral do almacén loxístico de LIDL no Polígono Río do Pozo de Narón?
- . Que ten pensado facer a Xunta de Galiza para contribuír a unha saída negociada do conflito do almacén loxístico de LIDL no Polígono Río do Pozo de Narón?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carmela González Iglesias

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 02/03/2023 18:00:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 02/03/2023 18:00:48

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/03/2023 18:00:57





Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Malpica é o maior porto pesqueiro de baixura da Costa da Morte, unha vila de gran tradición mariñeira que no século dezasete era un gran porto baleeiro, na actualidade as súas descargas céntranse no peixe de baixura e os mariscos, del saen as tarrafas unhas embarcacións de ata 50 toneladas, dedicadas á pesca do xurelo e a sardiña, que faenan de noite dende Laxe ata Cariño coa arte da tarrafa, rede longa de 550 x 90 metros, coa que cercan os bancos de peixe.

Deste porto tamén saen, dende a mañá ata a tarde, os barcos do día, embarcacións de menor tonelaxe dedicadas á pesca de crustáceos, cefalópodos e peixe branco, para o que utilizan diversas artes como miños, nasas, betas ou palangres.

Os barcos de Malpica descargan no porto, entre outros: sardiña, xurelo, raia, melgacho, abadexo, linguado, ollomol, polbo, centola, nécora e percebe.

As condicións de acceso actuais á dársena do porto de Malpica son de moito perigo, cunhas comportas que xeran unhas correntes que complican a circulación das embarcacións, con múltiples accidentes e danos tanto na dársena, como nas embarcacións e nos mariñeiros. Esta perigosidade acabou derivando nunha morte a finais do 2018, unha situación que non se debería volver a repetir sen que antes Portos de Galicia dea unha solución aos problemas que ten o porto interior, pero a pesar dos continuos anuncios da





Xunta de Galicia sobre as melloras na dársena, case cinco anos despois seguimos a esperar polas actuacións prometidas.

A través de meteogalicia, incluíron no proxecto “Mar Risk” un estudo para a análise das ondas longas do porto de Malpica co obxectivo de diagnosticar a probabilidade de que se produza e provoque resonancia na dársena interior, cunha antelación de 72 horas. Esta actuación e os estudos realizados, anunciaron que darían lugar a un proxecto co que se pretendía dar unha solución definitiva ao problema de seguridade no porto malpicán e tamén anunciaron que barallaban varias intervencións complementarias que se poderían incluír nun proxecto definitivo.

Estudos, medicións, sistemas de análise das correntes, pero tralo mortal accidente de finais de 2018, no que perdeu a vida o patrón do “Silvosa” e despois das reunións entre Portos de Galicia, a Confraría de pescadores e a familia da vítima, dende o Goberno galego seguen sen desenvolver as medidas máis axeitadas que impidan que accidentes deste tipo se repitan no futuro.

Nesa busca de solucións aos problemas de seguridade do porto malpicán, o Goberno galego debería apostar por unha solución que dea un impulso ás capacidades económicas do porto, un proxecto que faga posible que o porto aumente as súas capacidades e que sexa unha instalación de referencia para o sector da pesca. Nesa liña, o anterior grupo de goberno do concello de Malpica, encabezado polo socialista Walter Pardo e seguindo un proxecto que tiña a propia confraría de pescadores, pediulle á Xunta de Galicia que ampliase o dique de abrigo do porto, unha solución que acabaría cos problemas de seguridade e lle daría impulso á actividade económica do dito porto, que é esencial para o futuro da vila de Malpica





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 18:11:08
Nº Rexistro: 50854
Data envío: 02/03/2023 18:11:08.270

Por todo o exposto, no Grupo Socialista entendemos que apostar pola ampliación do dique de abrigo sería a mellor solución de seguridade para o porto e tamén a mellor aposta da Administración autonómica para impulsar a economía do concello de Malpica e introducimos unha emenda aos orzamentos da Xunta de Galicia para este ano 2023 para proxectar a ampliación do dito dique de abrigo, unha emenda que foi rexeitada pola maioría do Partido Popular.

Por iso, os deputados e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Ten pensado a Xunta de Galicia levar a cabo un proxecto de ampliación do dique de abrigo do porto de Malpica para dotar de seguridade a dita infraestrutura e impulsar a economía deste concello?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 02/03/2023 17:05:48

Patricia Otero Rodríguez na data 02/03/2023 17:06:07

Julio Torrado Quintela na data 02/03/2023 17:06:21

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
184278

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 18:12:58
Nº Rexistro: 50859
Data envío: 02/03/2023 18:12:58.942

Á MESA DO PARLAMENTO

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Hai unhas semanas no CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba desprendeuse parte do teito dunha aula sobre unha profesora, un incidente do que afortunadamente a mestra saíu ilesa pero que dá conta do deficiente estado no que se atopa ese centro educativo, que precisa dunha reforma integral.

Trátase dunha vella demanda da comunidade do centro, dende a dirección, o consello escolar ou a propia Anpa, á que tamén se suma o Grupo Municipal Socialista, que apuntan deficiencias graves nun centro que ten preto de 50 anos e máis de 400 estudantes.

Esta situación é perfectamente coñecida pola Consellaría, que xa ten recibido ata catro comunicacións por parte da dirección do centro solicitando unha renovación urxente das instalacións, cuxas condicións poden supoñer un risco para toda a comunidade educativa.

Sendo conscientes do lamentable estado dese centro, o Grupo Socialista xa incorporara esta reforma integral -que a Xunta de Galicia debería incluír de maneira inmediata no seu Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica- como emenda nos Orzamentos de Galicia para 2023, unha emenda que foi rexeitada polo Grupo Popular.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 18:12:58
Nº Rexistro: 50859
Data envío: 02/03/2023 18:12:58.942

Do mesmo xeito, faise preciso tamén levar a cabo obras de mellora no CEIP Pepe Xan Baña para non chegar á situación de abandono que sofre o anterior centro mencionado.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Pensa a Xunta acometer este ano a reforma integral necesaria do CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba?
2. Que valoración fai a Consellaría de Educación do estado dese centro educativo?
3. Pensa que o estado dese centro non supón ningún risco para a saúde e seguridade da súa comunidade educativa?
4. Cal é a razón de que a Consellaría de Educación non conteste os numerosos escritos que lle ten enviado a comunidade educativa do CEIP Barrié de la Maza?
5. Valora o Goberno galego realizar este verán obras de mellora no CEIP Pepe Xan Baña de Santa Comba?
6. É certo que a Xunta de Galicia non realiza obras de mellora no CEIP Pepe Xan Baña porque ten intención de pechar ese centro educativo?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego
gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
71 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 18:12:58
Nº Rexistro: 50859
Data envío: 02/03/2023 18:12:58.942

Noa Susana Díaz Varela na data 02/03/2023 17:11:27

Noelia Otero Lago na data 02/03/2023 17:11:46

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

71 Madrid

184281

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O presidente da Xunta de Galicia anunciou hai uns días que a Xunta de Galicia ten mobilizado o 100 % dos 1.122 millóns de euros dos fondos europeos recibidos do Mecanismo de Recuperacións, Transformación e Resiliencia, e advertindo que a Galicia fáltanlle aínda 144 millóns dos 1.266 millóns de euros que ten asignados, “Porque asignar non quere dicir recibir”.

No mesmo comunicado de información aos medios colgado na páxina *web* da Xunta de Galicia, apunta que dúas terceiras partes destes, 747 millóns de euros, xa teñen publicadas a súa convocatoria, “e a metade destes millóns xa chegaron aos seus destinatarios”, e que na práctica, isto se traduce en que a Xunta xa está dando apoios grazas a estes fondos que están “perfectamente identificados”, concretando que foron “dirixidos” a 7.000 autónomos, 370 empresas, 12 entidades do sector público, máis de 27.000 persoas físicas e 130 organismos públicos, entre clústeres e asociacións.

Destacando, igualmente, no mesmo comunicado, que a Xunta destinou aos concellos o 93 % dos fondos recibidos destinados a entidades locais, uns 60 millóns de euros que xa foron executados.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:





1. Como se ten materializado a parte dos 1.122 millóns de euros recibidos do Goberno do Estado a través dos fondos do Mecanismo de Recuperacións, Transformación e Resiliencia, en achegas para esas 7.000 persoas autónomas?

2. Como se ten materializado a parte dos 1.122 millóns de euros recibidos do Goberno do Estado a través dos fondos do Mecanismo de Recuperacións, Transformación e Resiliencia, en achegas para esas 370 empresas?

3. Como se ten materializado a parte dos 1.122 millóns de euros recibidos do Goberno do Estado a través dos fondos do Mecanismo de Recuperacións, Transformación e Resiliencia, en achegas para esas 12 entidades do sector público?

4. Como se ten materializado a parte dos 1.122 millóns de euros recibidos do Goberno do Estado a través dos fondos do Mecanismo de Recuperacións, Transformación e Resiliencia, en achegas para esas máis de 27.000 persoas físicas?

5. Como se ten materializado a parte dos 1.122 millóns de euros recibidos do goberno do Estado a través dos fondos do Mecanismo de Recuperacións, Transformación e Resiliencia, en achegas para eses 130 organismos públicos?

6. Como se ten materializado os fondos recibidos do goberno do Estado a través dos fondos do Mecanismo de Recuperacións, Transformación e Resiliencia para os concellos galegos?

7. Cal é o grao de execución total de cada unha das liñas dos fondos recibidos do Goberno do Estado a través dos fondos do Mecanismo de Recuperacións, Transformación e Resiliencia?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 18:15:30
Nº Rexistro: 50864
Data envío: 02/03/2023 18:15:30.067

8. Como ten asignado o Goberno galego os 144 millóns de euros que non se teñen recibido?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/03/2023 18:06:48

Gonzalo Caballero Míguez na data 02/03/2023 18:07:04

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
184284

@PSdeG





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a construción dunha central hidroeléctrica en Cornanda, no concello de Brión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Recentemente produciuse o anuncio do proxecto para a construción dunha central eléctrica reversible no río Tambre no concello de Brión. Este proxecto, vinculado ao encoro Barrié de la Maza está a suscitar unha grande preocupación entre a veciñanza, polas implicacións que supón a súa construción, como é o levantamento dunha gran presa de auga, mais tamén o despregamento do tendido eléctrico e os movementos de terra que suporá.

Este impacto non se limita á parroquia de Cornanda, lugar da construción desta central, senón que tamén terá consecuencias na contorna e no transcurso do río Tambre, polo que pode supor unha ameaza para o aproveitamento dos sectores primarios de Brión, mais tamén nas comarcas da Barcala e de Muros – Noia.

A poboación está actualmente preparando alegacións ao proxecto polo risco que supón para as súas vivendas, máis tamén polo impacto que pode ter na economía, ao ficar supeditado o aproveitamento gandeiro e agrícola á construción desta balsa.

Cómpre ter presente que esta zona tampouco é allea ao boom eólico que se está a dar en Galiza, á proliferación de proxectos de parques eólicos por toda a xeografía, sen





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

atender en moitas delas a cuestións patrimoniais, ecolóxicas ou paisaxísticas, e sen practicamente ningún retorno económico polo impacto que supón.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

– É consciente o goberno galego do que supón a construción desta central hidroeléctrica en Brión?

– Considera o goberno que está garantido o benestar da poboación brionesa que habita esa contorna?

– Existe algunha previsión ou valoración do impacto que vai ter esta construción sobre o tecido económico e o aproveitamento dos sectores primarios en Brión, mais tamén nas comarcas da contorna coma as da Barcala e Muros – Noia?

– Considera que a poboación está ben informada deste proxecto e das súas consecuencias?

– Cal é a valoración que fai o goberno galego dos riscos e beneficios da construción desta central?

– Que medidas ten contempladas ?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2023

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/03/2023 18:29:23

Iria Carreira Pazos na data 02/03/2023 18:29:27



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 16893**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/aas deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a postura do Goberno galego en relación coa problemática que xera a aparición do tártago de patas amarelas”** (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior na sesión celebrada o 09 de febreiro de 2023 con motivo da comparecencia a petición propia da Directora Xeral de Administración Local.

O vídeo da sesión pode consultarse na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/s/qM7Q5AOUSwJ9yeaInSHneMVsv55yVOibOO5allziE0OagL4>

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, de que a Xunta de Galicia leva traballando desde o ano 2014 nun programa de vixilancia e control para minimizar o impacto da vespa velutina mediante a súa captura a través de trampas, a eliminación de niños por parte de equipos especializados, e a formación e difusión de información aos distintos colectivos afectados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:24:24

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 44394**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as obras por parte da xunta de Galicia que solicita o Concello de Vilaboa para a PO-264 para mellorar a seguridade nesta vila”** (publicada no BOPG número 419 do 9 de decembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 46318, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 17 de febreiro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas, entre outras cuestións, reiterou a proposta da Xunta de transferirlle ao Concello de Vilaboa o treito da PO-264 para adaptar a xestión á súa funcionalidade local.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:



[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTkxZGJjMzYwODNh&start=5959](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTkxZGJjMzYwODNh&start=5959)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTkxZGJjMzYwODNh&start=6992](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTkxZGJjMzYwODNh&start=6992)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:23:41
Nº Rexistro: 50572
Data envío: 27/02/2023 12:23:41.283

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:23:39

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 44598**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsión do Goberno galego para iniciar no ano 2023 os trámites para a construción do tramo da autovía da Costa da Morte de Baio a Berdoias”** (publicada no BOPG número 422 do 16 de decembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral número 48100, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 22 de febreiro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade subliñou o compromiso inequívoco da Xunta coa prolongación da autovía da Costa da Morte ata a estrada de Camariñas, logo de que o treito en servizo desde 2016 facilítase máis de 13 millóns de viaxes aos usuarios. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade destacou que a Xunta reservou nos Orzamentos de 2023 un investimento de 3,5 M€ para avanzar na continuación da autovía entre Baio e Vimianzo ata a estrada AC-432, para o que xa se someteu o proxecto construtivo a información pública.



A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDVhMjE1YzYtMzI5Yy00OTIwLWFLODMtNDdiMzA4Y2YzNTky&start=1716>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDVhMjE1YzYtMzI5Yy00OTIwLWFLODMtNDdiMzA4Y2YzNTky&start=2057>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:23:15
Nº Rexistro: 50569
Data envío: 27/02/2023 12:23:15.799

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:23:13

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 45588**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para garantir o mantemento e a seguridade das estradas do Caurel”** (publicada no BOPG número 433 do 9 de xaneiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, está a realizar unha serie de actuacións na estrada LU-651, enmarcadas en tres proxectos distintos.

Un, que está en execución, permitirá, entre outras melloras, o ensanchamento da estrada no treito Ferrería Vella-Seoane, para dotala de 2 carrís e 3 metros de beiravías de 50 centímetros e a rectificación de varias curvas onde a orografía o permita. Estase a redactar outro proxecto que permitirá a restitución da estrada entre os puntos quilométricos 17+650 e 18+470. E tamén se repararán os danos ocasionados na estrada polo temporal do pasado mes de xaneiro, que inclúen obras de estabilización da plataforma e dos noiros da estrada en catro puntos quilométricos distintos.



En canto á inspección e execución de actuacións preventivas para na medida do posible anticipar os problemas, a Xunta de Galicia está a ser pioneira na implantación dun sistema ao equivalente de inspección de estruturas, pero aplicado a muros e noiros.

Para poñelo en marcha, estase traballando no inventario e primeira inspección principal de 600 noiros e muros situados na rede autonómica de estradas de Galicia. Ademais, e xustamente porque a Xunta considera que a futuro o risco deste tipo de estruturas pode aumentar polas consecuencias do cambio climático, solicitouse financiamento europeo para axudar a acometer as actuacións que se deriven das inspeccións, e foi concedido, polo que ao longo dos vindeiros anos poderase desenvolver un programa preventivo de conservación de muros e noiros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:23:06
Nº Rexistro: 50568
Data envío: 27/02/2023 12:23:06.768

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:23:04

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDfO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 45776**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e don Manuel Lourenzo Sobral, sobre **“as actuacións que levou a cabo a Xunta de Galicia en relación coa seguridade viaria na PO 264 e os accidentes na ponte medieval de Ponte Sampaio en Pontevedra”** (publicada no BOPG número 433 do 9 de xaneiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Infraestruturas realiza inspeccións periódicas co fin de coñecer o estado das obras de paso e estruturas que están integradas na rede de estradas de titularidade autonómica. A Ponte Sampaio, situada no punto quilométrico 2+010 da estrada PO-264, está incluída nas devanditas inspeccións.

No que respecta a funcionalidade da ponte, salienta que a Axencia Galega de Infraestruturas, a través dos seus medios de conservación, realiza habitualmente os traballos necesarios para mantela en servizo. Como exemplo, a reposición xa realizada do petril da ponte, que fora golpeado por un vehículo.

No que respecta á súa posta en valor como ben histórico, a Xunta contratou a redacción dun proxecto con este fin, que incluírá ademais a contorna máis inmediata da ponte, para un tratamento da urbanización máis axeitado e para mellorar a accesibilidade e a seguridade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:22:58
Nº Rexistro: 50567
Data envío: 27/02/2023 12:22:58.362

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:22:56

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 39113**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a reactivación das obras da Vía Ártabra”** (publicada no BOPG número 370 do 30 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia agarda rematar en primavera as obras que está a executar do enlace da Vía Ártabra coa N-VI. A partir de aí, rescindirá o contrato coa UTE adjudicataria e volverase a reiniciar o procedemento para tramitar o proxecto de trazado coa AP-9.

Hai que salientar que as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo, que obrigan a repetir a tramitación, cuestionan o procedemento seguido en 2009 para a aprobación do proxecto polo Goberno bipartito, pero non o trazado da estrada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 13:42:45
Nº Rexistro: 50814
Data envío: 02/03/2023 13:42:45.145

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2023 12:42:33

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 40230**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións que ten realizado a Xunta de Galicia para dar corrección á toponimia deturpada na vía de titularidade estatal VG-20”** (publicada no BOPG número 379 do 14 de setembro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, no ámbito da súa competencia, está a desenvolver as actuacións oportunas para garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de sinalización e toponimia e, deste xeito, a presenza do idioma galego nas estradas.

Así, no que respecta ás estradas integradas na rede autonómica de estradas de Galicia (RAEGA) a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), a través dos seus servizos provinciais e dentro do seu labor de conservación das estradas e do mantemento adecuado da sinalización, realiza correccións puntuais nos topónimos existentes nos carteis, a medida que se van detectando os posibles erros ou cando llos comunica calquera persoa. Ademais, cada vez que se cambia un cartel aprovéitase para comprobar a súa correcta rotulación.



No referente ás estradas de titularidade estatal, a AXI, de ter constancia dalgún erro, pono en coñecemento da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, co fin de que se realicen as correccións necesarias para cumprir coa normativa vixente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 13:42:19
Nº Rexistro: 50812
Data envío: 02/03/2023 13:42:19.785

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2023 12:42:16

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 40939**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas e investimentos recollidas no Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa 2021-2027”** (publicada no BOPG número 382 do 21 de setembro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 45891, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 17 de febreiro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia salientou, entre outras cuestións, que Galicia foi pioneira en aprobar o Plan Hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa 2021-2027, que recolle 212 medidas e 1.885 millóns de euros dos que o 63% serán achegados pola Xunta. Concretou tamén que deses 1.885 millóns de euros 973 se destinarán a saneamento e outros 560 millóns a abastecemento, sendo o obxectivo último lograr que o 100% das masas da conca de responsabilidade autonómica Galicia-Costa acaden o bo estado.



A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTlxZGJjMzYwODNh&start=381>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTlxZGJjMzYwODNh&start=1369>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:24:08
Nº Rexistro: 50575
Data envío: 27/02/2023 12:24:08.393

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:24:06

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDfO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 42936**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións necesarias para acadar a revitalización socioeconómica da Costa da Morte e Bergantiños”** (publicada no BOPG número 401 do 26 de outubro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O compromiso da Xunta de Galicia coa prolongación da autovía da Costa da Morte é inequívoco e así o avala que o proxecto construtivo do seguinte tramo, o comprendido entre Baio e Vimianzo ata a estrada AC-432 que vai a Camariñas, xa fose sometido a información pública e que os Orzamentos de 2023 reserve unha partida de 3,5 M€ para avanzar na continuación desta estrada.

No que atinxe ao transporte público por estrada de competencia autonómica nesta comarca, indicar que a Xunta de Galicia esta a facer o maior esforzo feito nunca para que Galicia conte cun servizo de autobús moderno, de calidade, máis útil e económico para os usuarios e que sexa a principal alternativa ao uso do coche. O mantemento desta aposta tradúcese nun investimento anual moi importante, 90 M€ no 2023.



O Goberno galego acometeu moitos axustes para acompañar o máis posible a prestación do servizo de autobús interurbano ás necesidades dos usuarios e está sempre aberto ao diálogo e atento ás achegas da cidadanía, así como ás novas necesidades que van xurdindo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2023 12:42:06





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 44392**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as obras por parte da Xunta de Galicia que solicita o Concello de Vilaboa para a PO-264 para mellorar a seguridade nesta vila”** (publicada no BOPG número 418 do 7 de decembro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 46318, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 17 de febreiro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas, entre outras cuestións, reiterou a proposta da Xunta de transferirlle ao Concello de Vilaboa o treito da PO-264 para adaptar a xestión á súa funcionalidade local.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:



[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTkxZGJjMzYwODNh&start=5959](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTkxZGJjMzYwODNh&start=5959)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTkxZGJjMzYwODNh&start=6992](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTkxZGJjMzYwODNh&start=6992)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:24:00
Nº Rexistro: 50574
Data envío: 27/02/2023 12:24:00.127

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:23:57

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 44588**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia de atender ás alegacións do Concello de Cambre respecto do trazado da vía ártabra"** (publicada no BOPG número 418 do 7 de decembro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-dicembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 46258, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 25 de xaneiro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade salientou, entre outras cuestións, que a Xunta rematará na primavera o enlace da Vía Ártabra coa N-VI e volverá iniciar a tramitación do proxecto de trazado para a conexión coa AP-9. Recalcou tamén que as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo cuestionan o procedemento seguido en 2009 para a aprobación do proxecto polo Goberno bipartito, pero non o trazado.



A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2NmMWQ4ZmltZWE3MS00NWEzLWI1NmUtYjZiZmJmMGI2NjQ4&start=13395>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=N2NmMWQ4ZmltZWE3MS00NWEzLWI1NmUtYjZiZmJmMGI2NjQ4&start=13732>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 13:41:59
Nº Rexistro: 50810
Data envío: 02/03/2023 13:41:59.738

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2023 12:41:55

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número : 44597**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsión do Goberno galego para iniciar no ano 2023 os trámites para a construción do tramo da autovía da Costa da Morte de Baio a Berdoias”** (publicada no BOPG número 420 do 14 de decembro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral número 48100, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 22 de febreiro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade subliñou o compromiso inequívoco da Xunta coa prolongación da autovía da Costa da Morte ata a estrada de Camariñas, logo de que o treito en servizo desde 2016 facilitase máis de 13 millóns de viaxes aos usuarios. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade destacou que a Xunta reservou nos Orzamentos de 2023 un investimento de 3,5 M€ para avanzar na continuación da autovía entre Baio e Vimianzo ata a estrada AC-432, para o que xa se someteu o proxecto construtivo a información pública.



A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDVhMjE1YzYtMzI5Yy00OTIwLWFLODMtNDdiMzA4Y2YzNTky&start=1716>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDVhMjE1YzYtMzI5Yy00OTIwLWFLODMtNDdiMzA4Y2YzNTky&start=2057>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:23:23
Nº Rexistro: 50570
Data envío: 27/02/2023 12:23:23.471

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:23:21

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 36934**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/aas deputados/as do mesmo grupo sobre **“a aprobación do I plan de igualdade da Corporación Radio e Televisión de Galicia segundo as exixencias da lexislación vixente”** (publicada no BOPG número 351 do 27 de xullo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio e Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“En referencia ao Plan de Igualdade, a Comisión de Igualdade na CRTVG, constituída por representantes dos traballadores e por representantes da Corporación, segue a traballar na súa edición, de acordo coa definición dese principio que establece a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Actualmente, a CRTVG está en condicións de asinar este Plan, que é amplo e está meticulosamente traballado tanto pola parte social como pola Corporación como por asesores externos especialistas na elaboración desta clase de documentos.

As políticas de Igualdade na CRTVG son estruturais e están concibidas desde a súa orixe de forma transversal, aplícanse a todos os departamentos e en todos os ámbitos, non só entre os xornalistas que editan as noticias. E isto faise os 365 días do ano, tanto na programación coma nas políticas de recursos humanos ou na comunicación corporativa e o eido da RSC, e as #AcciónsG, teñen a igualdade de xénero como un eixe transversal. De feito, a Corporación recibiu en novembro de 2022 a acreditación que a reconece como Empresa Igual en Xénero, mención que recibe por cuarto ano consecutivo. Trátase dun indicador dos informes publicados por ARDÁN, o servizo de



información empresarial desenvolvido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo e que se publica anualmente. A Zona Franca de Vigo comunicou que a Corporación está entre o "4% das máis de 35.000 empresas analizadas" que acadan os criterios para obter este distintivo.

En canto aos contidos informativos, a TVG e Radio Galega atenden a actualidade xerada en Galicia, e fóra do país, sobre a igualdade de xénero, a promoción dunha imaxe igualitaria, a lacra da violencia contra as mulleres e as campañas que ao longo do ano se levan a cabo desde as distintas esferas da sociedade. E nas datas de maior visibilidade institucional, o 8M, Día Internacional da Muller, e o 25N, Día Internacional para a eliminación da Violencia de Xénero, a TVG e a Radio Galega despregan unha actividade continua de difusión. As informacións relacionadas coa violencia de xénero son obxecto dun tratamento serio, delicado e rigoroso no que prima ante todo o respecto extremo ás vítimas. Por outra banda, sempre se inclúe nas informacións o número de teléfono de atención aos casos de violencia machista: 016. E a CRTVG ten unhas normas reguladoras de publicidade, tamén dispoñibles no Portal de Transparencia da Corporación, e que inclúen un capítulo específico sobre a imaxe da muller:

<http://www.crtvg.es/files/normasreguladorascomunicacincomercial24102017.pdf>

Ademais, a CRTVG aplica as recomendacións sobre o tratamento informativo da violencia contra as mulleres, propostas polo seu Consello de Administración da CRTVG e accesibles no portal corporativo (<http://www.crtvg.es/crtvg/portal-de-transparencia/responsabilidade-social-corporativa/autoregulacion/recomendacions-do-consello-de-administracion-da-crtvg-sobre-o-tratamento-informativo-da-violencia-contra-as-mulleres>).

Neste senso, a Comisión de Regulamento do Consello de Administración traballa actualmente na actualización e ampliación destas recomendacións sobre o tratamento da violencia machista nos medios de comunicación públicos. A CRTVG e o seu Consello de Administración foron pioneiros na creación das "Recomendacións para o tratamento da violencia de xénero", xa que logo, considerouse da máxima importancia esta



ampliación. Este amplo documento de recomendacións constará de preto de 50 artigos que contemplan cuestións como a violencia vicaria ou en redes sociais, e inciden na importancia de ofrecer unha información que evite os enfoques sensacionalistas, estereotipados ou sexistas, ao tempo que se dea conta das ferramentas e recursos dos que dispoñen as vítimas.

Respecto da posible figura dunha persoa responsable en materia de igualdade dentro da CRTVG, e como xa foi explicado oralmente polo Director Xeral en diversas comisións de control, a Corporación aposta no seu lugar pola formación e a concienciación do seu persoal. A CRTVG foi a primeira canle pública en ter "Recomendacións para o tratamento da violencia machista", e segue a traballar na formación de todo o persoal nesta materia. Porque a formación integral de todos os membros da Corporación, e non só dos xornalistas, é a garante do correcto tratamento da violencia machista. A CRTVG defende á muller e a Igualdade e tamén a liberdade de expresión e de creación artística, e foi tamén das primeiras corporacións públicas en constituír unha Comisión de Igualdade no seo do seu Consello de Administración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50601
Data envío: 27/02/2023 14:10:39.908

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 13:10:37

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 36936**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/aas deputados/as do mesmo grupo sobre **“o custo que supón o programa Land Rober para a Corporación Radio e Televisión de Galicia”** (publicada no BOPG número 351 do 27 de xullo de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio e Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O custo actual de cada programa de ‘Land Rober Tunai Show’ é de 76.848,17 euros + IVE.

En canto ás cuestións prantexadas sobre a xestión de convidados, colaboradores ou participantes, “Land Rober Tunai Show” é un espazo realizado por unha produtora allea, que é supervisada semanalmente desde a Área de Contidos da CRTVG con reunións co equipo onde se revisan escaletas e contidos.

Os convidados son elixidos desde a produtora que realiza o programa.

En canto a remuneración dos convidados, a información solicitada non pode ser facilitada por esta Corporación xa que se circunscribe a unha relación contractual



e administrativa entre a empresa, neste caso a produtora, e cada un dos profesionais que contrata, e non coa CRTVG”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50600
Data envío: 27/02/2023 14:10:32.830

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 13:10:30

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 37298**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a reactivación das obras da vía Ártabra"** (publicada no BOPG número 356 do 4 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia agarda rematar en primavera as obras que está a executar do enlace da Vía Ártabra coa N-VI. A partir de aí, rescindiré o contrato coa UTE adxudicataria e volverase a reiniciar o procedemento para tramitar o proxecto de trazado coa AP-9.

Hai que salientar que as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo, que obrigan a repetir a tramitación, cuestionan o procedemento seguido en 2009 para a aprobación do proxecto polo Goberno bipartito, pero non o trazado da estrada".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 10:08:47
Nº Rexistro: 50789
Data envío: 02/03/2023 10:08:47.035

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2023 9:08:43

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 37655**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto do proxecto das obras da vía Ártabra”** (publicada no BOPG número 358 do 10 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia agarda rematar en primavera as obras que está a executar do enlace da Vía Ártabra coa N-VI. A partir de aí, rescindiré o contrato coa UTE adjudicataria e volverase a reiniciar o procedemento para tramitar o proxecto de trazado coa AP-9.

Hai que salientar que as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e do Tribunal Supremo, que obrigan a repetir a tramitación, cuestionan o procedemento seguido en 2009 para a aprobación do proxecto polo Goberno bipartito, pero non o trazado da estrada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 10:08:41
Nº Rexistro: 50788
Data envío: 02/03/2023 10:08:41.301

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2023 9:08:38

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38170**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e dona Noelia Otero Lago, sobre **“o grao de pluralidade nos servizos informativos na Corporación Radio e Televisión de Galicia”** (publicada no BOPG número 365 do 23 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio e Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Cuestiónase a emisión da comparecencia do presidente da Xunta o pasado 6 de xuño de 2022 a través de Televisión de Galicia. Carece de argumentos globais cuestionar este contido informativo xa que emitir comparecencias institucionais dos respectivos presidentes se trata dunha práctica habitual nos medios públicos.

O mesmo criterio adoptado nesta ocasión seguiuse en numerosas ocasións coas intervencións públicas do presidente do Goberno central, mesmo despois de manter conversas cos partidos da Oposición. Foron numerosos os exemplos durante a pandemia, pero tamén despois desta. Algúns exemplos, entre os moitos rexistrados nos últimos dous anos, son os seguintes:



26 de maio de 2022: Comparecencia sobre o programa Pegasus.

24 de febreiro de 2022: Comparecencia sobre a situación bélica na Ucraína.

22 de decembro de 2021: Comparecencia trala Conferencia de Presidentes

10 de xullo de 2021: Comparecencia sobre a remodelación do Goberno.

18 de maio de 2021: Comparecencia sobre a chegada masiva de inmigrantes en situación irregular a Ceuta.

Son habituais como se relata estas emisións, polo que non é rigoroso comparar o tempo asignado á escoita dunha comparecencia ou declaración institucional co tempo que duran os totais ou cortes que recollen as valoracións dos partidos da oposición.

Outro feito que se debe especificar sobre este caso particular é que a emisión en directo da comparecencia do presidente da Xunta, en Televisión de Galicia e Radio Galega, o pasado 6 de xuño de 2022, interrompeuse ata en tres ocasións por mor de diferentes incidencias técnicas:

Poucos segundos despois de iniciarse a intervención do presidente, un problema de cobertura limitou a recepción do sinal no Control Central de San Marcos, polo que non se puido manter a emisión.

Minutos despois, cando ese sinal xa se recibía correctamente, lanzouse novamente ao aire: ofrecendo a intervención do presidente en tempo real arredor de tres minutos despois do seu inicio.

Pasados uns minutos o sinal volveu fallar, interrompendo a emisión.

Entre tanto, a intervención gravouse íntegra. Os responsables editoriais de Informativos tomaron a decisión de emitir parte desta desde o seu comezo, recuperando así o fragmento que antes non se ofrecera en directo.





Foron esas circunstancias as que derivaron nun elevado número de veces nas que se lle deu paso á intervención do presidente da Xunta. Se non tiveran existido estas incidencias técnicas, habería un único paso a unha única emisión.

En calquera caso, máis alá das circunstancias técnicas particulares, a valoración editorial do tempo asignado a cada actor político foi absolutamente correcto e coherente coas decisións tomadas noutras comparecencias a cargo do presidente do Goberno central”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 10:08:28
Nº Rexistro: 50785
Data envío: 02/03/2023 10:08:28.520

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2023 9:08:22

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 38172**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e dona Noelia Otero Lago, sobre **“os criterios de programación e determinación de contidos na televisión e na radio da CRTVG”** (publicada no BOPG número 365 do 23 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio e Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“TVG emitiu en xuño de 2022 un programa especial sobre a relación do rei Xoán Carlos con Galicia, despois da visita que fixera a Sanxenxo e que espertou unha grande expectación mediática. O programa afondou tamén na historia persoal do seu anfitrión, o afamado regatista Pedro Campos, e a orixe da súa amizade. Empregando o propio arquivo da Televisión de Galicia e a cobertura da visita, debullouse a relación do rei Xoán Carlos coa vila pontevedresa.

Esta foi a finalidade da reportaxe, coincidindo coa alta expectación que esta visita espertou en medios de comunicación españois e internacionais a Galicia e aproveitando o inxente material arquivado pola CRTVG: afondar na relación do rei Emérito con Galicia e máis concretamente cun dos municipios máis turísticos da comunidade.



En relación ás cuestións sobre as decisións editoriais e de programación da canle pública, estas son evidentemente potestade da CRTVG e dos seus profesionais, como se ten dito en numerosas ocasións oralmente nas Comisións de control ao ente. E ante un feito noticioso como foi a visita do rei Emérito a Galicia -na primeira vez que volvía a España despois de dous anos- o criterio dos servizos informativos e de contidos foi que este feito era merecedor dun programa especial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 10:08:15
Nº Rexistro: 50784
Data envío: 02/03/2023 10:08:15.145

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2023 9:08:10

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 39613**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/aas deputados/as do mesmo grupo sobre **“a cobertura informativa da Televisión de Galicia no concello de Melide”** (publicada no BOPG número 371 do 31 de agosto de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio e Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Esta cuestión xa foi respostada, oralmente, ao mesmo grupo parlamentar na pasada comisión de control á CRTVG do mes de xaneiro de 2023.

A CRTVG, como o resto de medios de comunicación, cubre a diario a axenda pública dos diferentes partidos do arco parlamentar que adoita estar capitalizada polos seus máximos responsables. Seguindo esta premisa, a resposta é sinxela: a secretaria xeral, neste caso do PP, fixo unha convocatoria de prensa en Melide, e a Televisión de Galicia cubriu esa intervención da mesma forma que se fai co secretario xeral do PSdeG ou coa voceira nacional do BNG de forma habitual.

Os obxectivos e estratexias particulares deses actos convocados polos responsables de organización dos tres partidos con representación neste Parlamento non son competencia da CRTVG, senón das formacións políticas en cuestión. A axenda pública remitida aos medios de comunicación da secretaria xeral do Partido Popular, levouna a Melide en polo menos tres ocasións durante o ano 2022. Neses casos, Televisión de Galicia e o resto de medios, recolleron informacións ao respecto: Temos rexistrada unha visita da deputada popular a Melide en xaneiro de 2022. A



temática foi unha xuntanza con colectivos locais en relación aos investimentos na vila dos orzamentos autonómicos.

A segunda visita foi a finais de xullo de 2022. A temática foi unha intervención na que se abordaron asuntos de actualidade relacionados coa concentración parcelaria. E a última, seis meses despois, o 15 de decembro de 2022, nunha xuntanza pública entre a secretaria xeral dos populares e os representantes municipais do grupo.

Non se deduce deste relato ningunha práctica que, na nosa consideración, mereza revisión algunha. É unha dinámica habitual dos medios públicos cubrir a diario as intervencións que fan os responsables dos partidos políticos en Galicia por todo o territorio.

Varios exemplos de xaneiro 2023:

- O 11 de xaneiro, a TVG estivo en Vigo co secretario xeral do PSdeG e informou das súas consideracións sobre o traballo das diferentes administracións en relación ao futuro da cidade.
- O 14 de xaneiro, a TVG relatou como o secretario xeral do PSdeG dicía desde A Laracha que a representante socialista era a persoa máis adecuada para dirixir o concello.
- O 28 de xaneiro, a TVG contou que o secretario xeral do PSdeG participou na presentación do candidato do partido en Pontevedra.
- O pasado día 29, a Televisión de Galicia contou como a voceira nacional Ana Pontón falaba en Mazaricos de "cambio de ciclo político", nun acto con representantes do BNG da comarca de Muros-Noia.
- O 11 de xaneiro, nunha liña similar, contou a TVG como Ana Pontón promocionaba aos candidatos do BNG nas sete cidades galegas.





Non hai ningunha diferenza entre todas estas informacións e son todas elas previsións de partido, sen que a TVG ou o resto de medios fagan outra cousa que lles dar proxección segundo os principios de pluralidade e proporcionalidade que nos rexen. Polo tanto as afirmacións vertidas na pregunta non se compadecen coa realidade dos feitos. A Televisión de Galicia simplemente relata, con equilibrio, a axenda pública dos máximos responsables de cada formación con representación no Parlamento de Galicia

Por outra parte, o alcalde de Melide, integrante do Partido Socialista, tivo voz en TVG en diferentes ocasións. Unha delas foi en xullo, precisamente o mesmo mes no que se lle deu voz á secretaria xeral dos populares na visita a esa localidade. Neste particular, o rexedor expoñía as súas queixas polo recorte de paradas de autobús e a supresión de numerosas liñas de transporte público. Sirva este exemplo para evidenciar con outro dato que non existe desequilibrio algún na información que TVG ofrece sobre o caso particular do concello de Melide nin sobre a panorámica xeral dos municipios galegos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2023 12:37:30
Nº Rexistro: 50681
Data envío: 28/02/2023 12:37:30.748

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2023 11:37:26

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDfO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 40228**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións que ten realizado a Xunta de Galicia diante do goberno do Estado para que este dea cumprimento da Lei 3/1981 a respecto do topónimo Valadares na sinaléctica da VG-20 grafado de forma incorrecta no Valladares”** (publicada no BOPG número 379 do 14 de setembro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, no ámbito da súa competencia, está a desenvolver as actuacións oportunas para garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de sinalización e toponimia e, deste xeito, a presenza do idioma galego nas estradas.

Así, no que respecta ás estradas integradas na rede autonómica de estradas de Galicia (RAEGA) a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), a través dos seus servizos provinciais e dentro do seu labor de conservación das estradas e do mantemento adecuado da sinalización, realiza correccións puntuais nos topónimos existentes nos carteis, a medida que se van detectando os posibles erros ou cando llos comunica calquera persoa. Ademais, cada vez que se cambia un cartel aprovéitase para comprobar a súa correcta rotulación.



No referente ás estradas de titularidade estatal, a AXI, de ter constancia dalgún erro, pono en coñecemento da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia, co fin de que se realicen as correccións necesarias para cumprir coa normativa vixente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 13:42:28
Nº Rexistro: 50813
Data envío: 02/03/2023 13:42:28.426

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2023 12:42:24

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 40938**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a iniciativa de don José Manuel Balseiro Orol e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas e investimentos recollidas no Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa 2021-2027”** (publicada no BOPG número 382 do 21 de setembro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 45891, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 17 de febreiro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia salientou, entre outras cuestións, que Galicia foi pioneira en aprobar o Plan Hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa 2021-2027, que recolle 212 medidas e 1.885 millóns de euros dos que o 63% serán achegados pola Xunta. Concretou tamén que deses 1.885 millóns de euros 973 se destinarán a saneamento e outros 560 millóns a abastecemento, sendo o obxectivo último lograr que o 100% das masas da conca de responsabilidade autonómica Galicia-Costa acaden o bo estado.



A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTlxZGJjMzYwODNh&start=381>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTlxZGJjMzYwODNh&start=1369>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:24:17
Nº Rexistro: 50576
Data envío: 27/02/2023 12:24:17.955

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:24:14

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 42934**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Daniel Pérez López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as infraestruturas de comunicacións e o transporte público da Costa da Morte e Bergantiños”** (publicada no BOPG número 401 do 26 de outubro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O compromiso da Xunta de Galicia coa prolongación da autovía da Costa da Morte é inequívoco e así o avala que o proxecto construtivo do seguinte tramo, o comprendido entre Baio e Vimianzo ata a estrada AC-432 que vai a Camariñas, xa fose sometido a información pública e que os Orzamentos de 2023 reserve unha partida de 3,5 M€ para avanzar na continuación desta estrada.

No que atinxe ao transporte público por estrada de competencia autonómica nesta comarca, indicar que a Xunta de Galicia esta a facer o maior esforzo feito nunca para que Galicia conte cun servizo de autobús moderno, de calidade, máis útil e económico para os usuarios e que sexa a principal alternativa ao uso do coche. O mantemento desta aposta tradúcese nun investimento anual moi importante, 90 M€ no 2023.



O Goberno galego acometeu moitos axustes para acompañar o máis posible a prestación do servizo de autobús interurbano ás necesidades dos usuarios e está sempre aberto ao diálogo e atento ás achegas da cidadanía, así como ás novas necesidades que van xurdindo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 10:08:04
Nº Rexistro: 50783
Data envío: 02/03/2023 10:08:04.113

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2023 9:08:00

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 44393**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as obras por parte da Xunta de Galicia que solicita o Concello de Vilaboa para a PO-264 para mellorar a seguridade nesta vila”** (publicada no BOPG número 419 do 9 de decembro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 46318, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 17 de febreiro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas, entre outras cuestións, reiterou a proposta da Xunta de transferirlle ao Concello de Vilaboa o treito da PO-264 para adaptar a xestión á súa funcionalidade local.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:



[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTkxZGJjMzYwODNh&start=5959](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTkxZGJjMzYwODNh&start=5959)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTkxZGJjMzYwODNh&start=6992](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LThmZGEtYTkxZGJjMzYwODNh&start=6992)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:23:50
Nº Rexistro: 50573
Data envío: 27/02/2023 12:23:50.846

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:23:47

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 44563**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e dona Noa Susana Díaz Varela, sobre **“o grao de cumprimento da lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia”** (publicada no BOPG número 419 do 9 de decembro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio e Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Estas cuestións xa foron respostadas, oralmente, ao mesmo grupo parlamentar na pasada comisión de control á CRTVG do mes de xaneiro de 2023

O director xeral da CRTVG non é o responsable da execución de todos os puntos e artigos da citada Lei, sendo o Parlamento e no seu caso o Consello de Administración, elixido por este Parlamento, os responsables tanto da remuda do director xeral da CRTVG nun caso como da elaboración do Estatuto Profesional e do Consello de Informativos noutro; polo tanto non é exixible a responsabilidade sobre desenvolvementos da lei que recaen en terceiros.

A lexitimidade da dirección xeral da CRTVG é incuestionable. A responsabilidade por forza será de que ten potestade para cambialo e non o fai, e esa potestade reside neste Parlamento. Nos últimos trece anos os grupos parlamentares puxéronse de acordo ata en tres ocasións para a remuda dos membros do Consello de Administración, cunha maioría que é a mesma que se precisa para a remuda do director xeral.



O último acordo, que deu pé a que no Consello de Administración da CRTVG estean representadas todas as forzas políticas do arco parlamentar actuais, foi en xullo de 2021.

Con respecto ao Estatuto Profesional e ao Consello de Informativos, os destinatarios finais das cuestións expostas son profesionais nomeados por este Parlamento a quen se lles recoñece o seu traballo e valía e quen están a traballar nestas cuestións.

En todo caso, e con respecto a estas dúas figuras do Consello de Informativos e o Estatuto Profesional, unha ollada comparativa á realidade que nos rodea advirte que os poucos medios públicos que teñen desenvolvidas esas ferramentas están sometidos a unha crítica semellante ou incluso superior a que sostén á CRTVG, ao punto de ter xudicializados os últimos procesos de designación de altos cargos.

Trasládase nesta resposta, o respecto polos profesionais e polos labores realizados polos anteriores e presentes integrantes do Consello de Administración, que traballan buscando o máximo consenso, non so neste tema senón noutros de extrema importancia para a Corporación.

Precisamente un destes temas nos que están a traballar os membros do Consello de Administración, é sobre a Igualdade e a defensa da muller. Os traballos da Comisión de Regulamento do Consello de Administración estiveron centrados nas últimas semanas na actualización e ampliación das recomendacións sobre o tratamento da violencia machista nos medios de comunicación públicos. A CRTVG e o seu Consello de Administración foron pioneiros na creación das "Recomendacións para o tratamento da violencia de xénero", xa que logo, considerouse da máxima importancia esta ampliación. Este amplo documento de recomendacións constará de preto de 50 artigos, que contemplan cuestións como a violencia vicaria ou en redes sociais, e inciden na importancia de ofrecer unha





información que evite os enfoques sensacionalistas, estereotipados ou sexistas, ao tempo que se dea conta das ferramentas e recursos dos que dispoñen as vítimas.

En canto ao Plan de Igualdade e proceso de negociación, todas as medidas legalmente exixibles e aplicables están xa recollidas nos traballos de elaboración, que levan tres anos de desenvolvemento. Todas as medidas legalmente exixibles están xa recollidas no Plan de Igualdade que é amplo, e está meticulosamente traballado tanto pola parte social como pola Corporación, como por asesores externos especialistas na elaboración desta clase de documentos.

Agardo da outra parte que asinen un documento desta relevancia, aínda que como expresei xa nesta cámara teño as miñas serias dúbidas de que se produza esa sinatura antes do vindeiro período de comicios tendo en conta que, lamentablemente, este tema segue a ser un elemento político de confrontación cotiá, como queda patente día tras día”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2023 10:07:55
Nº Rexistro: 50782
Data envío: 02/03/2023 10:07:55.535

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/03/2023 9:07:52

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 44596**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsión do Goberno galego para iniciar no ano 2023 os trámites para a construción do tramo da autovía da Costa da Morte de Baio a Berdoias”** (publicada no BOPG número 420 do 14 de decembro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral número 48100, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 22 de febreiro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade subliñou o compromiso inequívoco da Xunta coa prolongación da autovía da Costa da Morte ata a estrada de Camariñas, logo de que o treito en servizo desde 2016 facilitase máis de 13 millóns de viaxes aos usuarios. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade destacou que a Xunta reservou nos Orzamentos de 2023 un investimento de 3,5 M€ para avanzar na continuación da autovía entre Baio e Vimianzo ata a estrada AC-432, para o que xa se someteu o proxecto construtivo a información pública.



A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDVhMjE1YzYtMzI5Yy00OTIwLWFLODMtNDdiMzA4Y2YzNTky&start=1716>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NDVhMjE1YzYtMzI5Yy00OTIwLWFLODMtNDdiMzA4Y2YzNTky&start=2057>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:23:32
Nº Rexistro: 50571
Data envío: 27/02/2023 12:23:32.533

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:23:29

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 45064**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/aas deputados/as do mesmo grupo sobre **“o balance do ano 2022 e as accións futuras no 2023 da CRTVG”** (publicada no BOPG número 424 do 21 de decembro de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio e Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O balance do ano 2022 para a CRTVG é moi positivo por diversas razóns en todos os eidos de xestión e de desenvolvemento do servizo público. Nomeadamente, na consolidación do crecemento de audiencia: a Televisión de Galicia pechou 2022 cunha cota media do 10,5 %, o mellor dato desde o ano 2013, segundo os datos de Kantar Media feitos públicos no inicio de 2023. E no prime time, a franxa de máis consumo do día, TVG acadou un 11,1 %, dato superior tamén ao dos cinco anos precedentes. Nun contorno de máxima competencia e fragmentación das audiencias, a Galega celebra o incremento constante de audiencia grazas ao respaldo da cidadanía á programación, tanto no entretemento coma nos informativos xa que os máis vistos do ano en ámbito Galicia foron os da TVG.

A aposta sostida pola tecnoloxía e a innovación, a implementación de novos recursos multimedia, coa estrea do Estudo 5 da Radio Galega, a consolidación da plataforma de podcast ou consumo baixo demanda da emisora -RadioGalegaPodcast.gal – ou das canles dixitais Instagram, YouTube e TikTok para a fidelización do público máis novo son tamén feitos que sumaron positivamente no 2022 e marcaron unha liña de traballo de cara ao futuro.



Isto complétase no apartado da xestión cunhas contas saneadas, ausencia de débeda e o crecemento dos ingresos publicitarios xa que, a falta do peche definitivo oficial, a CRTVG facturou pola súa actividade publicitaria no ano 2022 a cantidade de 7.537.662 euros, o que supón un 9% máis do facturado no ano 2021. Isto supón o terceiro ano consecutivo con crecemento constante (no 2020 facturáranse 6,5 millóns de euros, no ano 2021 foron 6,9 millóns de euros e este ano logrouse superar amplamente a barreira dos 7 millóns de euros).

As expectativas de cara ao 2023 supoñen por unha parte manter as liñas de traballo descritas, a solidez financeira e a ausencia de débeda (desde que no ano 2013 desapareceu a débeda bancaria da Corporación, que era de 32 millóns de euros) así como no proceso de consolidación de emprego que se vai desenvolver este ano e que garante a estabilidade do 100% do cadro de persoal.

No eido tecnolóxico e dos contidos, os esforzos seguen centrados na implementación da nova OTT, un fito no proceso de transformación do modelo tradicional de televisión cara o mundo dixital no que xa traballan a TVG e a RG, no so xerando contidos adecuados á nova audiencia senón facéndoo polas vías máis axeitadas, e neste punto a OTT vai ter un papel fundamental”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/02/2023 12:37:16
Nº Rexistro: 50680
Data envío: 28/02/2023 12:37:16.732

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/02/2023 11:37:10

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 47039**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as periodicidade das inspección no servizo de transporte escolar do instituto de ensinanza secundaria Lagoa de Antela en Xinzo de Limia”** (publicada no BOPG número 443 do 27 de xaneiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O transporte de escolares cumpre unha imprescindible función social, como é garantir o acceso á educación en termos de igualdade, sen barreiras socioeconómicas nin por lugar de residencia. Do mesmo xeito, este servizo público favorece a necesaria conciliación da vida laboral e familiar das familias con fillos en idade escolar.

Facer efectivo o dereito ao transporte escolar gratuíto en Galicia esixe o mantemento dunha rede de servizos de autobús moi extensa, que chegue a todos os núcleos de poboación nos que haxa escolares e os conecte cos centros de ensino. Así, este servizo supón un investimento moi importante por parte do Goberno galego e un labor de seguimento constante para que calquera incidencia poida resolverse no tempo máis breve posible.



O IES Lagoa de Antela, de Xinzo de Limia, conta con 17 liñas integradas, que transportan cada día máis de 400 escolares ao centro. Froito do traballo de seguimento que fai a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, detectáronse algunhas discrepancias entre os horarios aprobados e o seu cumprimento efectivo.

Unha vez constatados os incumprimentos recollidos na acta de inspección e nos rexistros dos servizos, iniciouse a tramitación do procedemento sancionador que dará lugar á imposición das sancións que, no seu caso, correspondan. E, ao tempo, abordouse coa empresa concesionaria o xeito de resolver eses desaxustes.

Nas citadas inspeccións tamén se verificou o cumprimento das condicións establecidas para vehículos e persoal que garanten a seguridade do transporte de escolares”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:22:49
Nº Rexistro: 50566
Data envío: 27/02/2023 12:22:49.877

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:22:46

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 48201**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para construír unha nova Estación depuradora de augas residuais en Arcade no concello de Soutomaior”** (publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora de Augas de Galicia en resposta á pregunta oral en Comisión número 48198, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 17 de febreiro de 2023, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a directora de Augas de Galicia salientou, entre outras cuestións, que a Xunta ultima a redacción do proxecto construtivo da depuradora de Arcade, no concello de Soutomaior, tendo en conta os condicionantes impostos por Costas e coa máxima adecuación á nova Directiva Europea de Augas Residuais. Indicou tamén que a nova infraestrutura hidráulica, ademais de ao concello de Soutomaior, dá servizo aos municipios de Vilaboa, Pontevedra e Redondela e avanzou que eses municipios deben chegar a un acordo para ordenar a xestión da infraestrutura.



A resposta completa da directora de Augas de Galicia pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LTNmZGEtYTlxZGJjMzYwODNh&start=2355)

[id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LTNmZGEtYTlxZGJjMzYwODNh&start=2355](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LTNmZGEtYTlxZGJjMzYwODNh&start=2355)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LTNmZGEtYTlxZGJjMzYwODNh&start=3358)

[id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LTNmZGEtYTlxZGJjMzYwODNh&start=3358](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTlxZmRmYTMtOTVmMC00ZjU5LTNmZGEtYTlxZGJjMzYwODNh&start=3358)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:22:40
Nº Rexistro: 50565
Data envío: 27/02/2023 12:22:40.705

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:22:38

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDfO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 48211**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego a respecto da evolución da crise de prezos no primeiro trimestre de 2023”** (publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

“Dende a Xunta de Galicia estamos a dar respostas ás necesidades dos mais vulnerables. Deste xeito, nos últimos anos incrementamos progresivamente os recursos para combater a pobreza.

Así, no ano 2023 destinaremos máis fondos que nunca a axudar ás persoas que máis o necesitan:

- Os orzamentos da área de Inclusión Social aumentan un 25,1% con respecto a 2022, ata acadar os 148,5 millóns de euros.

Este aumento nos orzamentos permitirá reforzar as medidas de apoio ás familias máis vulnerables, axustando as contías ao contexto inflacionista do Estado:

- O Bono Social Térmico, que verá incrementada a axuda autonómica pasando de 100 a 150 euros por persoa.

- As Axudas de Emerxencia Social (AIS), que o pasado ano chegaron a 3.000 persoas, verán tamén incrementada a súa contía nun 8% para o vindeiro ano; e ademais contaremos cun 25% de orzamento mais para financiarlas, ata acadar os 5 millóns.



- O complemento que se paga ás persoas perceptoras de pensións non contributivas, para o que o Goberno galego destinará no 2023 unha partida de 8 millóns, o que suporá un incremento do 5,1% con respecto a 2022.
- E a Renda de inclusión de Galicia (Risga), que cobran cada mes máis de 6.000 persoas, incrementará ás contías do tramo persoal e familiar nun 8% en 2023.

Así mesmo, o Executivo autonómico traballa coas entidades sociais na posta en marcha dun proxecto piloto de loita contra a pobreza infantil, para axudar a aqueles fogares con menores que se encontran nunha situación de vulnerabilidade. Este programa conta cun orzamento de 10,6 M€ e beneficiará a máis de 1.700 familias.

Por outro lado, no contexto actual onde todo está a subir pola inflación, a Xunta demostra unha vez máis o seu firme compromiso coas familias galegas. Por iso, desde este curso Galicia volve a ser pioneira ao implantar a gratuidade en todas as escolas infantís para todos os fillos, tanto as da Xunta, como as que dependen dos Concellos, as de iniciativa social, as concertadas e as privadas.

Galicia é a primeira e única comunidade que financia a gratuidade das escolas infantís, cunha partida de máis de 50 millóns de euros este curso. Todo este esforzo estao a facer a Administración autonómica con fondos propios, sen ningunha achega do Goberno central”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50599
Data envío: 27/02/2023 14:10:25.924

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 13:10:22

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 48234**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/aas deputados/as do mesmo grupo sobre **“as previsións para a finalización e posta en marcha do centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense”** (publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

“Tras a nova licitación do contrato da obra de construción do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Ourense e adxudicación á empresa Sociedad Anónima de Obras y Servicios Copasa por un importe de 8,2 millóns de euros, esta reiniciouse o pasado 20 de decembro de 2022, estendéndose a súa execución por un prazo de 13 meses.

As obras comezaron coa acometida das tarefas de seguridade e saúde, indispensables en toda actuación deste tipo, xestión de residuos e comezo dos traballos de tabicado de espazos no soto da edificación. Non se parou coa execución, se ben o ritmo nesta fase inicial é máis lento por estar ligada ao peche das paredes exteriores con estruturas metálicas xa prefabricadas e de previa instalación.



A dirección facultativa da obra e dirección de execución están realizando o seguimento da obra "in situ", sen que na actualidade se teña trasladado á Consellería de Política Social e Xuventude ningún atraso que poña en risco o ritmo previsto".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50598
Data envío: 27/02/2023 14:10:17.908

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 13:10:14

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 48284**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Rosana Pérez Fernández, sobre **“o coñecemento por parte de Augas de Galicia da incidencia do desaugamento de encoros na baixada de salinidade das augas das rías”** (publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“É preciso indicar que os encoros existentes en Galicia Costa teñen unha pequena capacidade de regulación. O volume de auga doce que se pode regular é mínimo respecto ao volume de auga que aportan as precipitacións.

Un dos efectos mais importantes destes encoros é a laminación das avenidas. É dicir, cando augas arriba do encoro aflúen caudais crecentes de auga como consecuencia de factores como poden ser abundantes precipitacións, o encoro vaise enchendo e o caudal que sae da presa redúcese e é menor que o que chega, polo que se consegue diminuír en consecuencia os danos que a avenida provocaría se o encoro non existise.

Os encoros laminan as avenidas naturais que se producen de acordo cos procedementos establecidos nas súas normas de explotación, e deste xeito conseguen reducir as puntas de caudal.

Desde Augas de Galicia establécense uns resgardos no inverno para que os encoros sexan capaces de reter as puntas de caudal e posteriormente liberar estes caudais máis lentamente. O volume de auga que finalmente achega o río en



desembocadura é o mesmo, pero con caudais punta inferiores durante máis tempo. Todas as precipitacións que non se infiltren ou consuman na conca chegarán á desembocadura.

Ademais é preciso ter en conta que este encoros reciben só parte das aportación dos ríos da conca e ás rías chegan tamén as augas de todos os ríos augas abaixo dos encoros e demais achegas.

Por último indicar que a xestión dos encoros busca principalmente evitar, na medida do posible, os desbordamentos dos leitos e por tanto minimizar as inundacións e evitar os danos ás persoas e aos bens”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:22:32
Nº Rexistro: 50564
Data envío: 27/02/2023 12:22:32.783

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:22:30

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 48293**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/aas deputados/as do mesmo grupo sobre **“a resolución da convocatoria de axudas a entidades sociais con cargo ao 0,7 % do IRPF”** (publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude**, que ten o seguinte contido:

“O pasado día 26 de xaneiro, publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) a resolución das axudas con cargo ao recadro social do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), destinadas a impulsar programas de carácter social por un importe de 19,1 millóns de euros.

As axudas financiarán gastos correntes deste tipo de programas e tamén está previsto sufragar investimentos referidos a obras de equipamento, rehabilitación ou adquisición de vehículos adaptados.

Esta partida corresponde á parte dos fondos que xestiona a Consellería de Política Social e Xuventude e aos que se engadirán outros xestionados pola Secretaría Xeral de Igualdade e pola Consellería de Sanidade. Os programas que se poderán financiar serán polo tanto aqueles dirixidos a asistencia a persoas maiores, persoas con discapacidade, infancia e mocidade, así como iniciativas que favorezan o voluntariado e a inclusión social.



Para facilitar a tarefa destas entidades, anticiparáselles o 100% da axuda que terán que xustificar con posterioridade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 50597
Data envío: 27/02/2023 14:10:09.502

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 13:09:58

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 48308**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **“a valoración por parte do Goberno galego do nivel de execución do programa de planificación e xestión hidrolóxica”** (publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde Augas de Galicia realízase un enorme esforzo de planificación para garantir a correcta execución das actuacións contempladas nos programas operativos das distintas planificacións. Este importante esforzo de planificación e programación permite que poidan executarse as operacións de saneamento e depuración contempladas neses programas.

As necesidades, a problemática e as carencias en materia de abastecemento e saneamento son moitas, moi diversas e moi cambiantes. Gran parte delas analízanse na planificación hidrolóxica na que se fixan os obxectivos para conseguir. A xestión que realiza Augas de Galicia tamén evoluciona e está directamente enfocada a conseguir dar resposta a estas necesidades e lograr os obxectivos ambientais que fixa a normativa.

A Xunta traballa para conseguir articular a colaboración coas entidades locais nun esforzo por tentar mellorar as infraestruturas de abastecemento, saneamento e depuración. Unha vez articulada esa colaboración é necesario ir materializando as actuacións en proxectos construtivos que requiren dun traballo



previo importante de coordinación con numerosas administracións e despois procédese a executar as actuacións deseñadas.

En definitiva, son obras complexas con tramitación longa, que require informes sectoriais doutras administracións, que condicionan as posibilidades de investimento, o que obriga a ir axustando as distintas partidas orzamentarias previstas ao ritmo real de avance nas distintas actuacións, que non implica falta de execución”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:22:23
Nº Rexistro: 50563
Data envío: 27/02/2023 12:22:23.424

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:22:19

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 48322**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e don Manuel Lourenzo Sobral, sobre **“a dotación de depuradoras ecolóxicas en núcleos rurais”** (publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“No marco do convenio de colaboración asinado entre a Xunta e a Universidade da Coruña, para a investigación sobre os procesos de depuración na nosa Comunidade, Augas de Galicia está a desenvolver unha serie de directrices técnicas en relación coa depuración de augas residuais, dentro das que se analiza, como parte delas, esta metodoloxía.

Cando as directrices técnicas estean redactadas, publicaranse para coñecemento xeral e poñeranse a disposición dos concellos para que poidan adoptar decisións en relación cos seus sistemas e dentro das súas competencias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:22:14
Nº Rexistro: 50562
Data envío: 27/02/2023 12:22:14.315

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:22:11

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 48384**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo e don Luis Bará Torres, sobre **“o saneamento no concello de Neda”** (publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A prestación do servizo de saneamento é responsabilidade dos concellos como así se establece na normativa básica en materia de réxime local. En consecuencia, o Concello é o responsable do seu sistema de saneamento e é o que debe decidir desde o punto de vista técnico a mellor maneira de xestionar o seu saneamento e as infraestruturas que necesita para que este sexa eficaz.

Isto sen prexuízo de que, tal e como se vén realizando, Goberno central, Xunta de Galicia e Deputacións colaboren para acadar unha mellor xestión nesta materia. Neste senso lembrar que a actuación do sistema xeral de saneamento da marxe dereita da ría de Ferrol está declarada de interese xeral do Estado.

A Xunta, pola súa banda, mantén unha importante colaboración en materia de abastecemento, saneamento e depuración cos concellos, pese a ser ámbitos de competencia local, e este municipio non é unha excepción. Nesta liña, ambas administracións mantiveron diversas xuntanzas nas que se abordaron os problemas de saneamento existentes e nas que se valoraron as alternativas que ten o Concello para eliminar as verteduras.



Os representantes municipais comprometéronse a estudar as opcións e a comunicar a súa decisión a Augas de Galicia pero, a día de hoxe, non se ten presentado ningunha proposta nin efectuado ningunha comunicación ao respecto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2023 12:22:06
Nº Rexistro: 50561
Data envío: 27/02/2023 12:22:06.268

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/02/2023 11:22:02

CSV: BOPGDSPG-2INCmeDFO-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 48421**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para dotar a zona litoral de Oia dunha rede de saneamento e depuración moderna e eficiente”** (publicada no BOPG número 447 do 2 de febreiro de 2023), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A normativa básica en materia de réxime local outórgalle aos concellos as atribucións en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais. O que non quinta que a Xunta colabore con eles, xa sexa desde o punto de vista técnico ou financeiro, para acadar o desenvolvemento máis eficaz desas súas competencias.

No 2020, o Concello de Oia solicitou a colaboración da Xunta para definir a súa estratexia en materia de saneamento para o que, como paso previo á redacción dun proxecto construtivo e para acometer o análise técnico das diferentes opcións para o saneamento, Augas de Galicia contratou un estudo de alternativas.

Neste primeiro estudo, tras analizar todos os datos dispoñibles e sopesar as alternativas posible, propónse a execución de infraestruturas por un importe moi elevado. Por elo, ampliouse o estudo de alternativas para sopesar a posibilidade de recorrer á pequena depuración por parroquias.



